

Toponimia de Cedeira

María Pol López



CONCELLO DE
REDONDEIRA

Impresión: Imprenta Amador Pérez.
Deseño e maquetación: David Rodríguez.
Edita: Concello de Redondela.

Dep. Legal: PO191-2023

O material toponímico da parroquia de Cedeira recolleuno a cooperativa redondelá Tres Pés e Juan Migueles.

Este libro publícase grazas á subvención dirixida aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2021, convocada pola Deputación de Pontevedra.



A MICROTAPONIMIA DA PARROQUIA DE CEDEIRA



MARÍA POL LÓPEZ



Consulta neste QR
a localización dos topónimos
de Redondela (Galicia Nomeada)

Prólogo

Galicia é un dos territorios con maior densidade toponímica de Europa. Este dato explícase pola orografía do terreo, o minifundismo e a súa dispersa ocupación humana.

A documentación da microtoponimia, como paso previo para a protección e conservación deste patrimonio inmaterial, é unha urxencia. Hai topónimos antiquísimos, con moitos séculos de existencia, que aínda viven na fala e toman forma na lingua galega.

Por esta causa, o Concello de Redondela deseñou un ambicioso proxecto para cumprir con este fin. Unha das liñas de actuación foi a recollida e publicación en formato libro da microtoponimia parroquia a parroquia. Este é o resultado.

O Concello de Redondela agradece o traballo dos axentes que participaron. Desexamos ter contribuído a salvagardar un anaco da nosa cultura e da nosa memoria popular.

Redondela, 2022

Introdución

O topónimo de Cedeira

O significado do topónimo **Cedeira** é pouco claro. Antes de nada, é preciso salientar que o Nomenclátor de Galicia recolle o concello de *Cedeira*, na provincia da Coruña, o lugar de *Cedeira* en Ponteceso e Camariñas e a parroquia de *Cedeira* en Redondela, que é a que aquí se estuda. Hai moitas hipóteses sobre o nome: o Proxecto Gaelaico di respecto do *Cedeira* da Coruña que estaría formado por unha voz gaélica *cé* “porto, peirao” e *deireadh* “do fondo ou do final”. Así pois, *Cedeira* significaría algo como “porto do final” ou “peirao do fondo”. Esta explicación podería explicar os dous topónimos, pois ambos se sitúan en zona costeira.

Porén, Edelmiro Bascuas (2014: 254) indica que *Cedeira* podería ser unha palabra patrimonial derivada de *CETARIUS* “vendedor de peixe de mar” ou *CETARIA* “acuario (de peixes)”. Bascuas reflexiona sobre que estes sitios chamados *Cedeira* non son “acuarios”, senón lugares en cuxas augas hai abundancia de peixes, polo valor colectivo do sufixo *-ARIUS*.

Con todo, Porto Dapena (2014: 160) no traballo sobre o concello coruñés de Cedeira, incide en que este nome vén do latín *CETARIA* mais non se debe identificar co vocábulo *cetárea* ou *cetaria*. Estes son cultismos creados no século XIX a partir dese latín clásico *CETARIA*

que significaba “estanque ou viveiro de peixes”. Porto Dapena pensa que *Cedeira* procede dunha forma homónima CETARIA, formada a partir de CETUS + ARIA . Isto é, o feminino do adxectivo latino CETARIUS, -A, -UM, que se forma a partir de CETUS “balea ou peixe grande” xunto co sufixo -ARIUS, que significaría algo como “relativo ás baleas ou grandes peixes”. Así pois, de CETUS derivarían dúas cousas: o substantivo neutro CETARIA que daría lugar ao cultismo *cetaria* e o adxectivo feminino CETARIA, que daría lugar ao topónimo que aquí se analiza: *Cedeira*.

Deste xeito, pódese supoñer que nun principio *Cedeira* foi un adxectivo aplicado a un nome xenérico como VILLA ou TERRA , sendo “TERRA CETARIA”. Isto parece darse no caso do topónimo de *Torrecedeira*, que podería ser unha variación da voz *terra* (Porto Dapena, 2014: 161). Así esta última teoría é a que se revela como máis axeitada para a orixe do topónimo.

No *Catastro de Ensenada* (1750-1754) o topónimo aparece escrito como “Zedeyra”. Ademais, a través dun documento de venda dunha devesa da parroquia de Cedeira e dunha casa de Redondela sabemos que había relación co mosteiro de Santa María de Melón (Ourense). As propiedades aforadas pertencían ao dito mosteiro, pois estes non só buscaron propiedades dentro da propia provincia de Ourense, senón que a necesidade de buscar saída para os seus produtos levounos a comprar propiedades nestas zonas costeiras.

A parroquia de Cedeira ten sete barrios: Aldea, Eira Pedriña, A Formiga, A Portela, Fortóns, O Cruceiro e Rande. Entre os sete rexistráronse 639 nomes nos cales hai terreos, vías, fontes, regos e construcións coma casas, cargadoiros, lavadoiros ou pontes.

A situación de Cedeira no litoral fai que a súa toponimia menor tamén estea composta por numerosos talasónimos e outros nomes relacionados coas praias ou puntas costeiras. Ademais, os seus portos e cargadoiros fálannos da importancia marítima desta parroquia para o concello de Redondela. Cómpre sinalar que todos estes nomes forman parte da toponimia menor ou microtoponimia, diferente da toponimia maior. Polo xeral a toponimia menor queda esquecida, pois non ten tanta importancia económica e social coma os nomes das vilas (*Cedeira* e os seus sete barrios forman parte da toponimia

maior). Así pois, grazas aos veciños e veciñas que colaboraron na recollida de todos estes nomes, que agora quedan aquí para que non se perdan na memoria.

Finalmente, é preciso ter en conta que a oralidade non sempre se corresponde coa escrita. Algúns topónimos na oralidade presentan o seseo e a gheada que caracterizan este concello costeiro da provincia de Pontevedra.

1. Orotopónimos*

Alambrada, A (Rande)

Debe tratarse dun topónimo de nacemento recente posto que está formado sobre o castelanismo *alambrar*, no canto de *aramar* que sería a forma galega. En todo caso, o topónimo designa un terreo que foi cercado ou pechado con arames.

Albarronca (O Cruceiro)

Trátase dun topónimo incerto ou de difícil interpretación. O máis probable, pola súa localización, é que proceda dun *barronca* (un declive do terreo máis ou menos pronunciado). Na orixe debeu ser *A Barronca*, que se rexistra como topónimo tamén en Cedeira, moi preto deste **Albarronca**.

Areal, O (Fortóns)

O *Areal*, en latín *ARENAL*, topónimo de significado transparente, é un abundancial de *area*, co sufixo *-ALE*. Daquela, o lugar chamado *O Areal* caracterizarase por ser abundante en *area*.

* Topónimos que fan referencia ao relevo e á constitución do terreo.

Na parroquia de Cedeira, no barrio de Fortóns, rexístranse **O Areal** e **O Areal Redondo** (adxectivo do latín RÖTUNDU). No Nomenclátor de Galicia rexístranse 16 lugares chamados *O Areal* ou con *Areal* como parte dalgún composto.

Areiro, O (A Formiga)

O Areiro é un nome derivado de *area* (do latín ARENA) mediante o sufixo *-eiro* (do latín -ARIU). *Areiro* e *areira* empréganse para designar lugares onde se extrae area.

O Areiro atópase no barrio de A Formiga. No Nomenclátor de Galicia rexístranse 9 lugares denominados (*O*) *Areiro* / *Os Areiros* e *A Areira* / *As Areiras*.

Baladiña (A Portela)

O substantivos galegos *valo* e *valado* (do latín VALLU e VALLATU) designan o muro ou cerca que rodea unha propiedade, e o feminino *valada* designa unha propiedade cercada con valo ou valado. **Baladiñas de Arriba** e **Baladiñas de Abaixo** son formas derivadas de *valado* que están escritas cun *b* que non é etimolóxico. Estes topónimos atópanse no barrio de A Portela e preto deles pasa o **Camiño da Baladiña**.

Banquiños, Os (A Portela)

O nome **Os Banquiños**, do barrio de A Portela, semella un diminutivo de *banco*. *Banco* vén do xermánico *bank*, palabra que foi tomada polo latín vulgar de todo o Imperio de Occidente. Aínda así, dada a súa localización costeira é máis probable que sexa un diminutivo de *bancal*, “area depositada a pouca profundidade cerca da beira do mar”.

Non hai ningún nome igual rexistrado no Nomenclátor de Galicia, só *O Banco* no concello de Trasmirás.



Fonte dos Banquiños no lugar do mesmo nome, que como se observa está na beira do mar.

Barranca

O masculino *barranco* e o feminino *barranca* poden diferenciarse polo seu tamaño. O *barranco* é un "desnivel pronunciado do terreo" e a *barranca* un "corte profundo". Tamén se escoita *barranca* nos Ancares para nomear un camiño con moita pendente. Neste caso, o topónimo menor *Barranca* só aparece na documentación e non está localizado, polo que non é posible sabermos a súa motivación. Pode que estea relacionado con outro microtopónimo, *As Barroncas*, localizado no barrio de Fortóns.

Barreiras

Barreira é un derivado de *barro* e fai referencia a un lugar no que abunda este material ou onde se extrae como materia prima para elaborar obxectos de cerámica ou material de construción. A palabra *barro*, de orixe prerromana, é sinónimo de *arxila*. Neste caso temos o topónimo en plural *Barreiras*, mais hoxe non foi posible localizalo.

Barriga de Can (Aldea)

Barriga de Can é un microtopónimo formado polo substantivo *barriga* e o substantivo *can*. Este nome pode estar relacionado coa forma redondeada, como se fora unha barriga, que ten o terreo. *Barriga* vén do occitano *barrique* e *can* vén do latín CANE.

Hai varios nomes que levan o substantivo *can*, o Nomenclátor de Galicia rexistra *A Fonte do Can* en Friol e *O Rego do Can* en Portomarián. Ademais, no concello de Toques rexístrase *Barrigas*.

Barroncas, As (Fortóns)

As Barroncas é un nome derivado a partir da voz prelatina *barro* “arxila”. Neste caso non parece ter que ver con ese significado orixinario dun terreo abundante en barro, senón que parece aludir á orografía. No caso do significado orixinario estarían nomes como *Barral*, *O Barral*, *Barreiro* ou *Barreira* (e os plurais). Porén, no caso de aludir á orografía, teríamos nomes relacionados con *barra*, *barronca*, *barranco* etc. Na parroquia de Cedeira, no barrio de Fortóns, rexístrase **As Barroncas** e refírese a un terreo cun descenso brusco e profundo, coma un *barranco*.

Besada (Fortóns)

Un verbo equivalente a *rozar* ou *cachar* é *vesar*, procedente do latín *VERSARE* derivado de *VERSU* (“suco aberto polo arado”; o nome do verso poético foi en orixe unha metáfora agrícola, pola semellanza das liñas paralelas dun poema cos sucos dunha terra arada). Así pois, Navaza (2007: 56) indica que *vesar* significa arranxar para o seu cultivo un terreo que estaba a bravo. O arado empregado para isto, máis forte e resistente ca o arado común, recibía o nome de *vesadouro* ou *vesadoiro*, e as terras gañadas por ese procedemento eran *vesadas*.

Unha boa parte das *vesadas* que sobreviven na toponimia actual de Galicia son recentes, posteriores á introdución do millo e da pataca na nosa agricultura. É moi común nestes topónimos, e no correspondente apelido de orixe toponímica, a grafía non etimolóxica con *b*, *Besada*, que é o que atopamos na parroquia de Cedeira, no barrio de Fortóns.

O apelido *Besada* ten a maioría das súas ocorrencias na zona suroccidental de Galicia, onde se atopa o concello de Redondela.

Bouzas / Bouzón

O substantivo *bouza* é unha palabra galega de orixe prerromana e ten abundante presenza na toponimia. Na documentación altomedieval en latín adoita aparecer coas grafías *bautia*, *baucia*. O seu significado é o de lugares non cultivados con abundante vexetación de árbores e monte baixo (Navaza, 2007a: 93).

Bouzo, o masculino de *bouza*, é menos común na toponimia pero ten os mesmos significados. Neste caso, *Bouzón* é un derivado en -ŌNE. Estes topónimos menores da parroquia de Cedeira aparecen documentados, pero non foi posible localizalos. *Bouzón* é un apelido con moita presenza en Redondela.

Buraca

O nome *Buraca* está formado por unha raíz céltica *bur- ou *bor- "furar", de orixe onomatopéico indoeuropeo. A voz *buraca* adoita facer referencia a unha concavidade grande ou a un burato de grandes dimensións, mais nalgúns zonas de Galicia tamén se emprega para nomear os lugares de onde se extrae arxila. Non podemos saber a motivación dado que non está localizado.

O masculino *buraco* designa unha "abertura que atravesa unha cousa de lado a lado" ou unha "cavidade nunha superficie de tamaño e profundidade variables".

Buraquiño

Buraquiño é un diminutivo de *buraco* (Véxase a entrada Buraca). Trátase dun topónimo menor sen localizar.

Cairo, O

Este microtopónimo non ten relación coa capital de Exipto. É unha sinxela coincidencia. No caso de Cedeira, localizado nos barrios do Cruceiro e da Portela, teríamos que pensar nunha raíz preindoeuropea *car co sentido de "rocha, pedra". Polo tanto, designa un lugar pedroso.

Caldeiro, O (Rande)

Caldeiro vén do latín CALDARIU e, coma outros nomes de recipientes. Na toponimia podería facer referencia á orografía do terreo, designando lugares situados nunha concavidade. Pola situación na que se atopa **O Caldeiro**, no barrio de Rande, é a hipótese máis axeitada.

Campo, O

O nome deste lugar vén da voz *campo* (do latín CAMPUS “chaira”), que significa “superficie extensa de terra máis ou menos plana, onde non hai vivendas e que en xeral se pode dedicar ao cultivo” (diccionario da Real Academia Galega). Este último significado que relaciona a voz campo cun lugar dedicado ao cultivo é, segundo indica Corominas (DCECH), unha innovación romance.

Este topónimo é moi abundante na parroquia de Cedeira. Rexístrase o topónimo **O Campo** e **Os Campos** no barrio de Fortóns, **O Campo** no barrio de O Cruceiro e **Os Campos** no barrio de Rande. Ademais, *campo* forma parte de numerosos topónimos compostos como **O Campo da Burra**, **Campo da Poza**, **Campo das Maceiras**, **O Campo de Gouvea**, **Campo do Fondo** e **Campos de Solís** que se atopan no barrio de A Portela.

En Rande atópanse **O Campo da Fenteira** e **Campo dos Martilos**. **O Campo da Longra**, **O Campo da Vellaca**, **O Campo do Buscal** e **Campo do Cura** están no barrio de O Cruceiro. **O Campo da Raíña**, **Campo do Outeiriño**, **O Campo do Portugués** e **Campo Galocho** (*galocho* é sinónimo de *zoco*) no barrio de Aldea. **O Campo da Vella** no barrio de Eira Pedriña.

En canto a **O Campo da Longra**, o adxectivo latino LŌNGA “longa” e o sufixo átono -ARA de orixe prerromana forman o nome de lugar *Lōngara*(s). Este, coa perda da vogal postónica, convértese en *Longra*(s), referido a unha ou varias leiras caracterizadas pola súa forma alongada.

Por outra banda, tamén hai outros nomes que cómpre mencionarmos a pesar de que hoxe non se localicen. Así, aparecen en documentación antiga nomes como **Campo da Fombea**, **Campo da Ameixeira**, **Campo da Loba**, **Campo da Paca**, **Campo das Leiras**, **Campo das Moradas**, **Campo de Abajo**, **Campo de Arriba**, **Campo de los herederos de Gabriel Mariño**, **Campo de Noche**, **Campo**

de Nogueisido, Campo de Sualevada, Campo do Acuña, Campo do Martiño, Campo do Muíño, Campo do Río, Campo do Rolo, Campo do Xues e Campo Ponte.

Canteira

Podería facer referencia a un sitio onde se extrae mineral: unha canteira. Este nome deriva do latín CANTO “pedra, especialmente empregada na construción” xunto co sufixo -eira. É un topónimo sen localizar na actualidade.

Cantiño

Este topónimo podería vir do latín CANTHU “esquina” e adoitan designar lugares situados nunha esquina ou recanto ou que teñen difícil acceso. Trátase dun topónimo sen localizar polo que non é posible sabermos a motivación certa.

Carneiro dos de Covelo

Carneiro e *Carneira* poden ser formas derivadas dunha raíz prerromana *car-* “pedra, dureza”, coma *Carnota*, *Carnós* e outros topónimos galegos semellantes e orixinariamente designarían un lugar pedregoso ou abundante en pedras. *Carneiro de los de Covelo* é un microtopónimo sen localizar na actualidade.

Camporra (Rande)

Este topónimo é un derivado de *campo* (véxase a entrada anterior). O sufixo *-arru* ten un valor despectivo. En consecuencia estásenos indicando un terreo de mala calidade.

Canguelos (Rande)

Este topónimo está formado por *canga* máis o sufixo *-elo*, con valor diminutivo. O primeiro elemento, *canga*, provén dunha raíz céltica *CAMB- co significado de “curva, cousa curva”. Na mesma zona tamén se recolle **Cova de Canguelos**, que coincide coa explanada fronte ao embarcadoiro Coto-Wagner.

Cava da Vella, A

A **Cava da Vella** é un nome composto polo substantivo *cava* e o substantivo *vella*. *Cava* é un substantivo derivado do verbo *CAVARE* “cavar”, á súa vez derivado do adxectivo *CAVUS* “oco”. *Vella*, pola súa parte, deriva do latín *VETULA* e fai referencia a unha persoa de idade avanzada. Na parroquia de Cedeira hai dous terreos con este nome, un no barrio de Aldea e outro no barrio de A Formiga.

Cavada, A (Aldea)

A *Cavada* procede do participio do verbo *cavar*, no latín *CAVARE*, e sería pois unha unha *(*TERRA*) *CAVATA*. Unha cavada é unha porción de monte que se cacha ou rotura por primeira vez para destinala a cultivos. A maior parte das cavadas da nosa toponimia remontan á época medieval. A **Cavada** da parroquia de Cedeira atópase no barrio de Aldea.

Cavadiñas, As (Fortóns)

O topónimo menor *As Cavadiñas* leva o sufixo *-iña* como diminutivo de *cavada* (ver a entrada *Cavada, A*). *As Cavadiñas* atópase no barrio de Fortóns.

Chan, A

No galego occidental conflúen nun mesmo resultado *chan* (*O Chan, A Chan*) o masculino e o feminino correspondentes ao latín *PLANU*, *PLANA*, a diferenza do que sucede noutras áreas galegas nas que si que se diferencian: o masculino *o chao / o chau* e o feminino *a chá*. Normalmente, estes nomes designan zonas caracterizadas pola súa orografía.

Rexístranse **A Chan** e **As Chans** no barrio de Rande e **A Chan** no barrio de A Formiga. Ademais, **A Chan da Eira**, **A Chan da Rata**, **A Chan do Castañal** e **A Chan do Trigo** tamén no barrio de Rande. Finalmente, **A Chan da Veiga** e **A Chan do Couto** no barrio de Fortóns.

Tamén é preciso indicarmos nomes formados polo substantivo *Chan* pero que hoxe en día non se localizan. Así, temos **Chan Cabe-**


ga, Chan da Corbeira, Chan da Eira Vella, Chan do Barro, Chan do Cruceiro Canabal, Chan do Liño, Chan do Lugar do Manguiño, Chan do Oeste, Chan do Pombal, Chan dos Abreiros e Chan dos Allos.

Cocho, O

O substantivo *cocho* xunto cos seus derivados ten moita presenza na toponimia galega suroccidental. Ademais do comunmente coñecido *cocho* como sinónimo de *porco*, tamén garda relación co verbo *acochar* co significado de *abrigo*. Agora ben, neste caso é probable que designe un anaco de terra con linde a un paso común tal e como na fala oral fan emprego do termo *cocho*. No dicionario da Real Academia Galega dise tamén que un *cocho* é un “lugar cuberto ou agochado, como un cortello, un tobo etc., onde habitan ou se refuxian certos animais”.

O dicionario de Eladio Rodríguez define esta acepción de *cocho* como “trozo pequeno de un terreno labradío que se dedica a otro cultivo”. Tanto *acochar* como as súas variantes *agochar* e *agachar* son palabras de orixe incerta, talvez prerromana (Navaza, 2007: 97).

O Nomenclátor de Galicia recolle dous lugares chamados *O Cocho*, un en Vigo e outro na Cañiza. Na parroquia de Cedeira recóllense catro zonas chamadas **O Cocho** en Fortóns, Eira Pedriña, O Cruceiro e A Portela e dous terreos **Os Cochos** en Fortóns e A Formiga. Como parte dun nome composto rexístrase **O Cocho de Gorras** e **O Cocho do Pato** no barrio de Aldea. Nun memorial de rendas de 1699 xa aparece mencionado o “Cocho de Gorras” na parroquia de Cedeira:



Tamén hai outros nomes rexistrados na documentación que non se puideron localizar como: **Cochada**, **Cocho das Maceiras**, **Cocho do Muíño** e **Cocho Lameiro**.

Comareiro

Comareiro vén do latín CUMULUS, do latín vulgar *comoru* "montón". Segundo Rivas (1982: 52) fai referencia a terreos de cultivo próximos ao lugar e con valos. Comareiro rexístrase segundo o Nomenclátor de Galicia nos concellos de Cotobade e Vimianzo.

Na parroquia de Cedeira é un microtopónimo sen localizar, mais que aparece na documentación antiga.

Concheira, A

A **Concheira** é un derivado de *concha*, do latín tardío CONCHŪLA. Pode facer referencia a irregularidades do terreo. Porén, ao ser un topónimo que non está localizado na actualidade non é posible sabermos a motivación.

Coso da Veiga Longa

Coso é o castelán de *couso*, "sitio cercado a propósito para correr e facer cacería, montería etc." Podería ser unha mestura do latín *cursus* e *cautum* "carreira / couto". *Coso da Veiga Longa* é un microtopónimo rexistrado na documentación que na actualidade non foi posible localizar.

Tamén se rexistra pero non se localiza o nome *Cousiño*, que é a forma diminutiva de *couso*.

Costeiras, As (Fortóns)

O topónimo *As Costeiras* é dun derivado do *costa*, do latín CŎSTA "costela; flanco, costado". Trátase dunha acepción figurada común a todos os romances para designar a ladeira dunha montaña. En galego, *costa* tamén fai referencia a un terreo en pendente (Gómez e Méndez, 2022: 40).

Os derivados de *costa* son moi abundantes na toponimia galega. O microtopónimo **As Costeiras** localízase no barrio de Fortóns. Tamén hai outro nome **Costa** rexistrado na documentación que na actualidade non foi posible localizar.

Cotarel, O

Cotarel vén do latín *COTTARĒLLU e trátase dun diminutivo de *cótarro* “elevación, outeiro, prominencia no terreo”, que á súa vez deriva de *coto* (Ver *Coto, O*). **O Cotarel de Arriba** e **O Cotarel de Abaixo** atópanse no barrio de Rande e constitúen dúas entidades de poboación.

Cotiño, O (Rande)

Diminutivo de *coto* (Ver *Coto, O*). Atópase no barrio de Rande.

Coto, O

Coto é un substantivo de orixe prerromana (coa base *COTT) que sobreviviu en galego co significado de “parte máis alta dun monte, pico, elevación”. Cos seus derivados e compostos (*Cótaro, Cotro, Cotarelo, Cotarro* etc.), o substantivo *coto* está moi presente na toponimia galega e noutras áreas xeográficas próximas (por exemplo, nos asturianos *Cueto, Cuétara*). O Nomenclátor de Galicia recolle máis de cen entidades de poboación chamadas *Coto* ou *O Coto* (Carrasco e Navaza, 2014: 21).

Na parroquia de Cedeira rexístrase **O Coto** no barrio de Eira Pedriña e de A Formiga e, como parte dun composto, **O Coto da Raposa, O Coto do Coello** e **Coto da Fenteira** no barrio de Rande. Tamén hai un microtopónimo **Coto de Cabreiro** rexistrado na documentación que na actualidade non foi posible localizar.

Coutadas, As

O substantivo *coutada* é o participio do verbo *coutar*, creado a partir de *couto* (ver *Couto, O*). Un *couto* é un territorio afectado por determinados dereitos de propiedade ou xurisdición. Polo tanto, **As Coutadas** do barrio de Rande pode facer referencia unha parcela do monte que foi privatizada que adoita lindar co monte comunal. Tamén no barrio de Rande se atopan os terreos de **Coutadas de Arriba** e **Coutadas de Abaixo**, situados ao carón. Un pouco máis arriba, aínda en Rande, atópase **As Coutadas do Cascarexo**, ao carón de **As Coutadas**. No barrio de A Formiga está **A Couta de Nicol** e **Coutadas da Fonte dos Rusos**. En canto a este último, pode pensarse que

Rusos vén dun alcume, alguén corpulento e loiro. Pero tendo en conta o seseo podería vir de *ruzo*, que ten os significados “de cor parda” ou “de cor gris”.

Ademais dos microtopónimos coa forma *coutada* que se puideron localizar, rexístranse outros na documentación que hoxe non temos situados. Hai catro topónimos coa forma **Coutada**, dúas coa forma **Coutadas**, e numerosos compostos como: **Coutada da Astilleira**, **Coutada Darriba**, **Coutada de Abajo**, **Coutada de Afora**, **Coutada de Arriba**, **Coutada de Arriba Norte**, **Coutada de Criado**, **Coutada de Masó**, **Coutada de Paiteixa**, **Coutada do Abad**, **Coutada do Farol**, **Coutada do Monte**, **Coutada do Pouso Redondo**, **Coutada dos Cregos**, **Coutada dos Eucaliptos**, **Coutada dos Pinos**, **Coutada dos Toxos** e **Coutada Salgueira**.

Couto, O

O *couto* é un nome que provén do latín CAUTU, participio de CAVERE “protexer, defender, coidar”. Un *couto* é un territorio afectado por determinados dereitos de propiedade ou xurisdición.

No barrio de Fortóns rexístrase **O Couto** e **O Couto de Abaixo** e no barrio de Rande **O Couto dos Lobos**. Outros nomes sen localizar, pero que aparecen na documentación son: **Couto da Riba**, **Couto do Río**, **Couto Pequeno** e **Couto Rapado**. Tamén os diminutivos **Coutiña** e **Coutiño**, mais hoxe non foi posible localizalos.

Cova, A

Cova, ademais de como substantivo co significado de “cavidade natural ou artificial no terreo”, pode funcionar como un adxectivo (feminino de *covo*), que describe un terreo cóncavo. Procede dun termo hispano COVA (en latín era dito CAVA) e algúns autores pensan que é un termo dialectal de Italia, mentres que outros pensan que é un celtismo. No barrio de A Formiga atópase a **Cova da Vella** (do latín VETULA) e no mesmo terreo alberga a **Poza da Cova da Vella**. No barrio de Rande atópase a **Cova do Canguelos**. Tamén hai nomes como **Cova da Vila** e **Cova de Oro** e un diminutivo **Coviña**, que non foi posible localizar..

Covelo, O (Fortóns)

O substantivo *covelo* designa un “pequeno lugar cóncavo ou fondo; pequena depresión do terreo”, diminutivo do adxectivo *covo* (do latín *CAVA*, “cóncavo, profundo”). O adxectivo adoita aplicarse a lugares situados nunha depresión do terreo, mentres que o substantivo *cova* pode designar calquera concavidade orográfica (Navaza, 2007: 65).

O **Covelo** atópase no barrio de Fortóns e fai referencia a unha entidade de poboación.

Cu do Muíño, O

Topónimo transparente formado polos substantivos *cu* e *muíño*. O substantivo *cu* (< do latín *CULUM*) é relativamente frecuente e serve para designar camiños cegos, ou sen saída; isto é, que dan acceso a lugares dos cales só é posible saír pola mesma vía de entrada (Carrasco e Navaza, 2014: 83). Tamén pode significar “parte de abaixo”. Para o substantivo *muíño* véxase a entrada *Muíños, Os*. Dentro deste terreo atópase o *Muíño do Maceiras* e por el transcorre o *Río Maceiras*, cun paseo facilmente transitible que ten saída.

Cuturas, As (Fortóns)

No dicionario de Leandro Carré Alvarellos (1951) recóllese a forma *cuturiño* co significado de “extremo, cima, parte alta y superior de una piedra, poste etc.”. Por tanto, ten orixe en *coto* (véxase a entrada correspondente) e que sufriría unha dupla alteración vocálica por medio da pechazón.

Decota, A (Eira Pedriña)

O verbo *decotar* aparece no dicionario da Real Academia Galega definido como “cortar as pólas dunha árbore a rentes do tronco”. Polo tanto, o topónimo infórmanos de que neste terreo foi podado de árbores ou doutra vexetación.

Eido, O

O substantivo *eido* procede do latín *ADITUM*, participio do verbo *ADIRE* “engadir”. É de uso moi común e refírese ao terreo engadido á

casa que quedou dentro das terras que rodean a propiedade. Tamén pode ser a horta que existe dentro do lugar da casa ou ao seu carón (Rodríguez González, 2019: 131).

Na parroquia de Cedeira este é un nome moi recorrente. Así pois, o substantivo eido forma parte de numerosos topónimos cuxas segundas partes adoitan facer referencia ao propietario do eido ou a unha característica deste. Rexístranse **Eido da Caseira**, **O Eido do Chico**, **Eido Benita** e **Eido Farruco** no barrio de Fortóns. **O Eido da Chicá**, **Eido de Eira Pedriña**, **Eido do Cuscuriño**, **Eido do Dereitiño** e **O Eido do Muro** no barrio de Eira Pedriña. **O Eido da Pisca**, **O Eido de Bras** e **Eido do Cura** no barrio de Aldea. **O Eido de Alá**, **O Eido do Pedro** e **Eido Vello** no barrio de A Formiga. **Eido do Civil** no barrio de A Portela e **Eido de María do Monte** no barrio de Rande.

Ademais destes, cómpre mercionarmos outros microtopónimos que hoxe en día non se dan localizado, pero que aparecen na documentación. Así están **Eido da Baixo**, **Eido da Mariñeira**, **Eido da Salgueira**, **Eido de Arriba**, **Eido de Bernaldo**, **Eido da Casipre**, **Eido do Corrico**, **Eido do Couto**, **Eido do Picoto**, **Eido da Ferreira** e **Eido Longo**.

Eira Pedriña

A orixe do nome deste barrio principal de Cedeira é composto. Por un lado, *eira* (do latín AREA) é unha palabra de uso frecuente en Redondela para referirse a un terreo situado preto da casa dedicado a tarefas agrícolas. Por outro lado, o adxectivo *pedriña* (que non é un diminutivo de *pedra*) indícanos que o chan da eira está feito de pedra. Neste mesmo barrio hai un terreo de igual nome.

Eira, A

Eira é un substantivo común galego que designa un lugar aberto, plano e de terra firme, onde se mallan os cereais e se limpan os grans. Procede do latín AREA “área” (Navaza, 2007: 97) e é unha palabra de uso frecuente en Redondela para referirse a un terreo situado preto da casa dedicado a tarefas agrícolas. Na parroquia de Cedeira rexístrase **A Eira** no barrio de A Portela e no barrio de Fortóns.

Eirado (Cruceiro)

Eirado podería ser un derivado de *eira*, que ten significados semellantes. Porén, tamén existe outra orixe, pois existe a posibilidade de que conteña o resultado do latín HĚDĚRATU, derivado de HĚDĚRA “hedra”, e que en orixe faría referencia á presenza ou abundancia de hedra no lugar (Navaza 2007: 97). **Eirado** é un lugar do barrio de Cruceiro. O Nomenclátor de Galicia rexistra cinco lugares chamados *O Eirado*, dos cales catro se atopan na provincia de Pontevedra.

Eixido Grande (Rande)

Do latín EXITUM “saída”, participio do verbo EXIRE “saír, ir fóra” procede o galego *eixido*, paralelo do castelán *ejido*, nomes que en orixe designaban o terreo inmediato á casa, habitualmente con horta, viña e árbores froiteiras. Neste caso trátase dun microtopónimo composto polo substantivo *eixido* e o adxectivo *grande* que se atopa no barrio de Rande.

Tamén se rexistra na parroquia de Cedeira a variante *inxido*, resultado da alteración do ditongo decrecente *-ei-*. No barrio de Rande rexistrase **O Inxido** dúas veces, en referencia a dous terreos, e outro **O Inxido** no barrio de Fortóns.

Espallar (A Formiga)

A priori, parece que este topónimo é un derivado de *palla* (do latín PALEA) e designaría un lugar onde se sacudía a palla para separar o gran. Pero tamén pode ser unha alteración de *espaller*, termo que xa se recolle no vocabulario de Xoán Manuel Pintos (1865) co significado dun “amarzón de madeira para soste as vides”.

Foros, Os (A Formiga)

O foro era un contrato polo cal unha persoa ou institución lle cede a outra o uso dun ben (casa, campo...) a cambio dunha renda cunhas condicións estipuladas. *Foro* fai referencia á voz xurídica do latín FORUM. **Os Foros** fai referencia a un terreo situado no barrio de A Formiga.

Gandarón

Gandarón é un derivado aumentativo de *gándara*, voz prerromana que no dicionario da Real Academia Galega aparece definida como “terreo baixo, arento, húmido e improdutivo, onde só medra a maleza”. Na parroquia de Cedeira trátase dun nome rexistrado na documentación que hoxe en día non está localizado. O Nomenclátor de Galicia recolle oito lugares chamados (*O*) *Gandarón*.

Gargantiña

O termo *garganta* fai referencia na orografía a un paso estreito entre dúas montañas. **Gargantiña** é o diminutivo desta voz que vén dunha onomatopea “garg”. É tamén un microtopónimo sen localizar.

Horta, A (Fortóns)

Unha *horta* fai referencia a un terreo cerca da casa no que se cultivan legumes, verduras e hortalizas e, nalgúns casos, árbores froiteiras. O masculino *horto* procede do latín *HORTU* “xardín”, e o feminino *horta* (do latín *HORTA*) constitúe un aumentativo-colectivo, que é común aos romances hispánicos e á lingua de occidente. A forma en feminino é moito máis común na toponimia que o masculino *horto*. No barrio de Fortóns atópanse **A Horta**, **As Hortas de Arriba** e o diminutivo **A Hortiña**. Ademais, sen localizar están **Horta** e o topónimo castelanizado **Huerta**.

Humedal

Humedal é unha voz castelá que fai referencia a un terreo de augas superficiais ou subterráneas de pouca profundidade. Actualmente, a forma aceptada pola Academia en galego é “zona húmida”, mais antigamente tamén se chamaba *humidal*. Esta palabra vén do latín *HUMĪDUS*, e é un microtopónimo que está sin localizar.

Inxido, O

Véxase a entrada *Eixido Grande*.

Lamego

Lamego pode ser un microtopónimo derivado de *lama*, un substantivo de orixe prerromana moi presente na toponimia de Galicia, unido ao sufixo prelatino -ECU. Nalgunhas áreas galegas *lama* e tamén o seu derivado *lameiro* pasaron a adquirir un significado equivalente ao de *prado*, pero polo xeral fai referencia a terreos húmidos. Son nomes sen localizar.

Lamosa

Lamosa pode ser un derivado de *lama* igual que *Lamego* (Véxase a entrada *Lamego*). É un microtopónimo que non está localizado.

Lameiriño, O (Aldea)

Lameiriño é unha voz derivada de *lama*, un substantivo de orixe prerromana moi presente na toponimia de Galicia. Nalgunhas áreas galegas *lama* e o seu derivado *lameiro* pasaron a adquirir un significado equivalente ao de *prado*, pero polo xeral fai referencia a terreos húmidos. **O Lameiriño**, situado no barrio de Aldea, é un diminutivo de *lameira*, quizais con valor afectivo, co sufixo correspondente ao latín -ARIA. Este nome adoita estar aplicado a un terreo onde hai moita lama.

Laxes, As (Eira Pedriña)

O substantivo común galego *laxe* é unha palabra de orixe prerromana, posiblemente céltica, que se incorporou como LAGENA ao latín do noroeste hispánico. Os dicionarios definen *laxe* como “pedra de superficie lisa”. Ten moita presenza na toponimia de Galicia e o nomenclátor recolle noventa e cinco localidades en cuxo nome está presente este substantivo.

En Cedeira rexístrase **As Laxes** no barrio de Eira Pedriña e está relacionado cunhas laxes que hai no lugar, aínda que hoxe en día están tapadas polo piche da estrada. Antigamente utilizábase como eira para mallar o gran.

Leira, A

O significado do substantivo *leira* é o dun terreo de labranza. Con todo, aínda que o seu significado é transparente, a etimoloxía é controvertida. Como explica Cabeza Quiles (2020: 100) a primeira proposta tira a voz galega *leira* da latina GLARĒA “terra areosa e estéril, terra de cascallo”, base do castelán *glera*. Esta hipótese é improbable, porque unha *leira* é todo o contrario a unha terra estéril e improdutiua. A segunda proposta parte dunha raíz indoeuropea *PLAR “chaira, solo, pavimento, campo”, afín ao latín PLANUS. Esta raíz, tras a perda do *p*- inicial normal nas linguas celtas, daría, cunha sufixación -IA, segundo Corominas e Pascual, LARIA “extensión de terra llana”, o celtismo portugués e galego de onde provén *leira* e outros cognados de linguas celtas: irlandés antigo *lar*, irlandés moderno *lár*, galés *llawr*, escocés *lâr*, córnico antigo *lor*, bretón antigo *laur* e bretón moderno *lawr*; todos co sentido de “chaira, campo”. Aínda que a etimoloxía sexa celta, os topónimos que conteñen estas voces non teñen que ter a súa orixe no tempo dos celtas porque *leira* é hoxe unha voz común que puido ser utilizada como nome de lugar en calquera tempo histórico.

No barrio de A Formiga atópanse **A Leira do Barro**, **A Leira** e **As Leiras** todas xuntas por unha banda e **As Leiras**, **As Leiras de Fóra** e **As Leiras do Medio** pola outra. Tamén se rexistra **As Leiras** nos barrios de Fortóns e Rande, e **A Leira do Crego** en Eira Pedriña.

Ademais, hai outros nomes rexistrados na documentación que hoxe en día non están localizados como **Leira**, **Leira Carballeira**, **Leira de Serujo**, **Leira do Chinto** e **Leira Grande**.

Mina, A / Minada, A

A *Minada* é un derivado do xenérico *mina* (palabra de orixe celta MEIN “mineral, mina”) e designa un tipo de escavación subterránea pola que se busca algún manancial.

Na parroquia de Cedeira este é un topónimo bastante abundante, rexístranse sete nomes. Dous no barrio de Fortóns, dous en Rande, dous en A Formiga e un no barrio de A Portela. No barrio de Fortóns tamén se atopan a **Mina de Auga Branca** e **A Mina do Condés**. Esta última levaría auga á casa do Conde de Torrecedeira.

Monte

A palabra *monte* (do latín MONS, MONTIS) fai referencia a unha elevación do terreo, pero tamén se emprega para designar os terreos cubertos de vexetación espontánea como toxos, silvas, arbustos, fentos etc., que poden estar poboados de árbores (diccionario da Real Academia Galega).

Hai máis de 300 lugares que teñen a palabra monte na súa denominación, ben sexa en solitario *O Monte* ou como parte dun composto. Na parroquia de Cedeira atopamos **Monte do Pousiño** e **Monte dos Rusos** no barrio de Rande e **Monte Pateixa** no barrio de A Formiga. Tamén se rexistran na documentación os microtopónimos **Monte**, **Monte da Petanexa** e **Monte da Yglesia**, mais hoxe non están localizados.

Murada (Rande)

Unha *murada* é un terreo que está cercado de muros e *muro* vén do latín MURU. En Rande rexístranse **As Muradas**, que fai referencia a unha entidade de poboación, e **Muradas**, que se refire a un terreo. O **Camiño das Muradas** pasa polo lugar de Rande, onde tamén están **Casa da Murada** e **Cristo da Murada**. Ademais, rexístrase *Murada* ou *Maruxa* que nomea a casa de Ponce de León, un Gobernador Civil durante a ditadura franquista.

Muro Longo

Muro vén do latín MURU "muro, parede" e adoita designar paredes que delimitan un espazo ou o soporte ou bancal dun terreo en costa. Na documentación rexístrase **Muro Longo** un nome composto que non está localizado.

Os do Redondo (Rande)

O adxectivo correspondente ao latín RÖTUNDUS pode aplicarse a diferentes realidades redondas ou redondeadas, que poden ser un agro, un campo, un monte, un penedo etc. **Os do Redondo** é un terreo situado no barrio de Rande.

Outeiro de Tamaño

A orixe etimolóxica do topónimo é controvertida. A maioría das interpretacións etimolóxicas sinalan ALTĀŘĪU, derivado do latín *altus*, como étimo do substantivo outeiro "pequena elevación do terreo illada e de pouca extensión". Porén, outros autores sinalan que outeiro é unha formación romance a partir da raíz outo (< altu) co sufixo -eiro (Gómez e Méndez, 2022: 54). Este topónimo é moi frecuente en todo o territorio. O Nomenclátor rexistra máis de cincocentos lugares chamados *Outeiro*, *O Outeiro* e derivados en Galicia, cada un situado en cadanseu outeiro.

Na documentación rexístranse os nomes **Outeiro** e **Outeiro de Tamaño**, mais non están localizados.

Outide (A Portela)

Trátase dun topónimo con sentido colectivo en referencia a *outos*. Deriva do adxectivo latino ALTUM ao que se lle engade o sufixo -ETA>-IDA. Posteriormente este -IDA alterou en -IDE (como sucede con *Peneda/Penide*) para dar o citado **Outide**, situado nun punto alto xa de cara á entrada de Redondela. En definitiva, refírese a un lugar onde abundan os outeiros. En todo caso, distínguense **Outide de Arriba** e **Outide de Abaixo**.

Pasto, O (Eira Pedriña)

O substantivo común *pasto* vén do latín PASTU e unha das súas acepcións significa "terreo cuberto de herba destinado a pacer o gando" (diccionario da Real Academia Galega). **O Pasto** fai referencia a un terreo do barrio de Eira Pedriña.

Pedra, A

O substantivo común *pedra* (do latín PĚTRA) e os seus derivados teñen moita presenza na toponimia. Con frecuencia rexístrase a forma do singular, por referencia a unha pedra individual que destaca ou destacaba na paisaxe. Compite nestes usos con *pena* e outras formas equivalentes no significado. En moitas ocasións aínda é posible identificar a pedra que deu nome ao lugar, mais noutros casos xa desapareceu por acción da man do home.



A Pedra Branca no medio da auga ao carón do areal.

No Nomenclátor de Galicia son máis de 500 as entidades de poboación que conteñen no seu nome o substantivo *pedra* ou un derivado. Na toponimia menor, como a aquí estudada, é igualmente abundante.

Na parroquia de Cedeira rexístranse **A Pedra Branca** no barrio de A Portela, en referencia a unha pedra que hai na Praia de Porta Cedeira; **A Pedra do Coto** en referencia a un terreo do barrio de Aldea, **A Pedra das Londras**, **As Pedras Miúdas** e dous terreos chamados **As Pedras**, no barrio de Rande e no de Eira Pedriña.

Na documentación noméase unha **Pedra da Vaguiña** e **Piedra Longa**, en castelán, mais actualmente non están localizadas. Tamén un diminutivo de pedra: **Pedriñas**.

Pedreira, A (O Cruceiro)

A *Pedreira* é un topónimo que vén do latín *PETRARIA*, derivado de *pedra*, e significa “lugar abundante en pedra”. Atópase no barrio de O Cruceiro. Tamén se rexistran na documentación **Pedreiro**, **Pedreira** e **Pedreiras de Arriba**, mais non están localizados.

Peña, A (A Portela)

O substantivo *peña* é un castelanismo, o termo en galego sería *pena* e fai referencia a unha formación pétreo de gran tamaño que so-

bresae en boa parte da superficie. Esta voz pasou ao portugués como *penha*, desprazando a vella forma patrimonial común galego-portuguesa *pena* que actualmente só sobrevive no rexistro toponímico. No tocante á súa etimoloxía, a opinión maioritaria interpretou *pena* como resultado do latín *PĪNNA* “amea dunha muralla ou fortaleza”, “pináculo”, aínda que outros autores consideran máis axeitado relacionala co substrato prelatino, e máis en concreto cun tema **penn-/*pinn-* “rocha, pena” (Álvarez Pérez, 2019: 101). Derivado do castelán *peña* tamén se rexistra **Peñascal de Abajo**, termo castelán que en galego sería “lugar rochoso”, mais está sen localizar.

Penedo dos Mouchos (Aldea)

Penedo é un derivado de *pena* (ver *Peña, A*) mediante o sufixo latino *-ETU*, que en galego deu *-edo*, propio dos colectivos. Así pois, en orixe o substantivo *penedo* faría referencia a un conxunto de penas, mais agora adoita facer referencia a unha pena grande. **Penedo dos Mouchos** atópase no barrio de Aldea e pode referirse a un sitio onde habitaban estes animais ou ao alcume da persoa propietaria. Ao seu carón atópase o **Lugar dos Mouchos**. Sen localizar está o microtopónimo **Penedo**, presente na documentación.

Pés da Leira Grande

O substantivo *pé* ten diferentes acepcións e entre elas está a de “parte inferior dun monte” ou “parte inferior de algo”. O microtopónimo **Pés da Leira Grande** pode facer referencia á parte inferior desa leira que quizais estea en pendente. Non se pode saber con exactitude porque non está localizado.

Peso Longo

Peso Longo podería conter o substantivo común *peso* “certa moeda”, acaso alusivo ó prezo pagado pola propiedade ou a algunha outra razón semellante, ou ben é un adxectivo *peso, penso* (“inclinado”) relativo á orografía do lugar. Tanto unha acepción coma a outra proceden do latín *pensu* (Navaza, 2007a: 142). É un topónimo sen localizar e non temos información que nos permita saber cal é a súa orixe.

Pouso Redondo

Pouso vén do verbo *pousar* (do latín PAUSARE) e segundo Navaza (2007a: 129) ten na toponimia significado orográfico, pois designa espazos máis ou menos chans situados nun camiño pendente ou ben unha parte do camiño onde a pendente era menos pronunciada, de xeito que se convertía nun lugar onde pousaren ou repousaren os camiñantes, os carros ou as cabalerías. É un topónimo común en Galicia. Na documentación rexístrase o microtopónimo **Pouso Redondo**, pero non foi posible localizalo.

Pericoto, O (A Portela)

Estamos ante un talasónimo; isto é: un topónimo vencellado á costa marítima. Neste caso, temos por unha banda o prefixo PERI- (con valor ponderativo) e a forma COTO (véxase a entrada correspondente). En consecuencia, o talasónimo refírenos a un lugar da costa con suficiente elevación para que destaque con respecto aos outros.

Pica Morena (Fortóns)

Este terreo sitúase nas ladeiras do monte. Polo tanto, **Pica Morena** vén designar un pico ou alto que se distingue pola súa cor morena.

Punta Bruñado (A Formiga)

Véxase a entrada *Bruñado, O*.

Punta Carballiño (A Formiga)

Véxase a entrada *Carballiño, O*.

Punta da Castiñeira (A Formiga)

Castiñeira é un derivado de *castaña* a partir do sufixo *-eira* (do latín -ARIA). **Punta da Castiñeira** atópase no barrio de A Formiga.

Punta Socorro (A Portela)

O nome de *Punta Socorro* débese a que antigamente existía alí unha capela de Nosa Señora do Socorro. Neste punto instalouse a In-

dustria Metalífera Española-IME, fundada en 1946, onde se fundían e recuperaban recortes e chatarra. Declarouse en quebra en 1956, pero a súa cheminea aínda se pode ver con claridade. **Punta Socorro** sitúase no barrio de A Portela e é unha porción de terra que se adentra no mar como se pode ver na imaxe.



Punta Socorro.

Punta Soutelo (A Formiga)

Véxase a entrada *Soutelo*.

Rabadeira, A (Fortóns)

Rodríguez González (2019: 30) sinala que o topónimo *A Rabadeira* foi considerado unha variante de *Rabadeira*. Neste caso, sería un fitónimo derivado do latín *RAPACIA* que designa un prado ou terreo onde abundan as rabazas. Porén, este autor inclínase pola idea de que *Rabadeira* sexa unha contracción de *Rabo + da + Eira > Rabod'Eira > Rabadeira*. Neste caso o microtopónimo aludiría a unha forma estreita que presentan moitos terreos que se asemellan á cola dun animal. No Catastro de Ensenada (1750-1754) aparece este topónimo como “Ravadeyra”.

Rabela (Fortóns)

Rabela (do latín RAPELLA) é un topónimo que fai referencia á reducida dimensión das parcelas de labranza, polo común aplicado a propiedades estreitas e alongadas. *Rabo* aparece nos dicionarios cos significados de “apéndice caudal dun animal”, “mango” e “por extensión, calquera cousa alongada situada nun extremo doutra” (Carrasco e Navaza, 2014: 136). O seu derivado *rabela* é o nome da “parte posterior alongada do arado, onde apoia a man o labrador”. En sentido figurado, *rabo* ou *rabela* aplícanse na toponimia a propiedades longas e estreitas. Na parroquia de Cedeira atópase **Rabela** no barrio de Fortóns en referencia a unha propiedade desas características. Tamén aparece na documentación a forma **Rabelo**, que está sen localizar.

Rabicho, O

Rabicho é un derivado de *rabo* e tamén se adoita empregar na toponimia para designar propiedades longas e estreitas. **O Rabicho** do barrio de Aldea cumpre con esas características orográficas, mais **O Rabicho** de Rande non. Este último alberga a **Praia do Rabicho**.

Rañada, A (Eira Pedriña)

A *Rañada* é a “terra que queda á vista no leito dun río” e aparenta ser un derivado de *raña* co sentido de “sitio raído ou arrasado pola acción erosiva das augas ou por un desprendemento de terra” (Ares Vázquez, 2013: 1101). **A Rañada** é un terreo situado no barrio de Eira Pedriña. No Catastro de Ensenada (1750-1754) aparece textualmente o “marco de la Rañada” como un dos límites da parroquia de Cedeira.

Rebouza, A

Rebouza aparece definido no dicionario da Real Academia Galega como “superficie de terreo moi inclinada ou case vertical nun desnivel á beira dun camiño, estrada etc., ou nas marxes dunha escavación” ou “terra de labor que se deixa descansar unha tempada sen sementar”. A etimoloxía de *Rebouza* é complicada, Navaza (2006: 101)

considera que *Rebouzo* non é un derivado de *bouza*, como podería parecer, senón que sería un derivado de *riba*, do latín *RĪPA*, co sufixo de orixe prerromana *-ouzo*. Sinala que en moitos casos se debeu producir unha interferencia, por etimoloxía popular, cos derivados de *bouza*. Podería pensarse tamén que en *Rebouza* o primeiro elemento corresponde a *RIVU* (*río*) ou *RIPA*, seguido de *bouza*.

Na parroquia de Cedeira recóllese **A Rebouza** nos barrios de A Portela e de A Formiga.

Redollo

Segundo Navaza (2007: 127), *redollo* debe de ser unha forma emparentada co verbo *redollar* ou *redrollar* "cultivar por segunda vez no ano unha terra" ou "rebrotar ou agromar de novo as plantas". Este microtopónimo está sen localizar, mais aparece na documentación.

Socalcos, Os (Fortóns)

Socalco aparece definido no dicionario da Real Academia Galega como "cada un dos valados de pedra que serven para conter as terras de cultivo nos terreos moi pendentes" ou "terra de cultivo contida por un valado de pedra nun terreo moi pendente". **Os Socalcos** é un terreo situado no barrio de Fortóns e trátase dun terreo en pendente.

Subalo (Fortóns)

Fai referencia a un terreo situado por debaixo do valado. A preposición *su-* vén do latín *SUB* que significa por debaixo. Tamén se presenta na toponimia baixo a forma *so-* como en *Socampo* (debaixo do campo). Os substantivos galegos *valo* e *valado* (do latín *VALLU* e *VALLATU*) designan o muro ou cerca que rodea unha propiedade. **Subalo** atópase no barrio de Fortóns.

Tambullón, O (Fortóns)

Posto que a zona onde se atopa este microtopónimo ten forma redonda e elevada, teremos que pensar nun derivado de *tombo* e ao cal se lle engade o sufixo aumentativo *-ón*.

Terra Feita

O topónimo *Terra Feita* podería interpretarse como resultado de *terra feita*, do latín TERRA FRACTA. *Terra F(r)eita* puido ter que ver co antigo labor de amansar o monte. Solla Varela (2002: 2016) sinala que este nome designa unha porción de monte habilitado para o cultivo. Existe un paralelo portugués *Terra Feita* en Ponte de Lima e Vieira do Minho, que aparece relacionado tamén cun “arroteamento”; isto é, limpar a terra do mato para cultivala.

Na parroquia de Cedeira rexístrase **Terra Feita de Abaixo** e **Terra Feita de Arriba**, o primeiro no barrio de Fortóns e o segundo no de O Cruceiro.

Terra Monte

Terra Monte é un topónimo menor formado polos substantivos *terra* (do latín TĒRRA) e *monte* (do latín MONTE). A día de hoxe está sen localizar.

Terranova (A Formiga)

Terranova é un topónimo transparente formado polo substantivo *terra* (do latín TĒRRA) e o adxectivo *nova* (NŌVA) que co paso do tempo se constituíu como unha única palabra. No barrio de A Formiga é onde se atopa este terreo coñecido como **Terranova**. O Nomenclátor de Galicia rexistra *A Terranova* no concello de Crecente.

Veiga, A

Os topónimos *A Veiga* fan referencia a un “terreo baixo, amplo e fértil xeralmente ás beiras dun río” ou a un “terreo de cultivo”. Vén do substantivo *veiga*, considerado unha voz prelatina, crese que a orixe de *veiga* hai que buscala no ibero *VAIKA* “veiga”, de *VAI* “río” e o sufixo *-KA* “rexión do río” ou na expresión (TERRA) *(I)BAIKA “terreo á beira dunha corrente de auga”, emparentada coa voz vasca *ibai* “río”. Como sucede no caso de *val*, non é doado saber se a aplicación toponímica obedece a unha acepción topográfica ou apunta cara a unha “propiedade rústica situada nese espazo” (Marqués Velea, 2018: 160).

Na parroquia de Cedeira rexístranse numerosos topónimos formados por *veiga* + de + nome, sexa este un nome relativo a unha posición, unha característica, un lugar ou un nome propio ou alcume. No barrio de A Formiga rexístranse **Veiga da Bufa**, **Veiga da Pereira**, **A Veiga de Abaixo**, **A Veiga de Arriba** e **A Veiga de San Roque**. No barrio de A Portela están **Veiga da Portela**, **A Veiga da Vila de Abaixo**, **A Veiga da Vila de Arriba** e **Veiga do Mar**. No barrio de Rande atópanse **Veiga de Dora**, **Veiga de Manola**, **A Veiga do Esterco**, **Veiga do Meirán**, **A Veiga do Pinal** e **Veiga do Rego**. No barrio de O Cruceiro están **A Veiga da Viña** e **A Veiga do Eido**. Este último nome tamén se repite no barrio de Aldea.

Ademais destes, hai outros microtopónimos que aparecen na documentación e que non están localizados actualmente. Son: **Veiga da Vesta**, **Veiga da Eira**, **Veiga da Fonte**, **Veiga da Poza**, **Veiga da Vía**, **Veiga das Pedras**, **Veiga do Trigo**, **Veiga Grande**, **Veiga Longa** e **Veiga Redonda do Souto**.

Viacoba (O Cruceiro)

Viacova, con *-v-* etimolóxico, é un topónimo que se rexistra no Principado de Asturias. O Nomenclátor de Galicia non nos fala da existencia aquí deste topónimo. *Covo* e *cova* son moi frecuentes na toponimia para facer referencia a lugares situados nunha depresión do terreo ou a unha concavidade orográfica. A palabra *cova* deriva do latín vulgar *COVA* e esta, do clásico *CAVA* “burato, oco”. Polo tanto, **Viacoba** pode ser entendido como un camiño profundo. Do mesmo xeito, no barrio de O Cruceiro tamén se rexistra o **Camiño de Viacoba**.

2. Topónimos viarios*

Baixada ao Peirao (A Portela)

Estamos ante un topónimo viario transparente que indica que é unha vía pola que se baixa ao peirao. O *peirao* é unha “construción na marxe dun río ou do mar, que polo xeral forma parte dun porto e que se utiliza principalmente para facilitar o embarque e desembarque de persoas e mercancías e para abrigo das embarcacións” (diccionario da Real Academia Galega). *Peirao* vén do latín PETRANU, derivado de PETRA “pedra”. Este topónimo da parroquia de Cedeira atópase no barrio de A Portela.

Boca do Caño / Bocas

O substantivo *boca* (do latín BŪCCA) pode ter na toponimia significados diversos como “lugar de entrada ou saída” ou “inicio, comezo, principio”. Parece que os relacionados coa acepción “lugar de entrada ou saída” son os que dan lugar á maioría de nomes. Na documentación da parroquia de Cedeira aparecen nomes como **Boca do Caño** e **Bocas**, mais ao non estar localizados non podemos saber a súa motivación.

* Topónimos que fan referencia ás vías de comunicación.

Camiño de + nome

O substantivo *camiño* “vía que comunica dous ou máis lugares” é moi abundante na toponimia galega e remite a unha forma *CAMMINU, voz de orixe céltica introducida no latín (Martínez Lema, 2018: 26). A maioría dos nomes están formados polos lugares que circundan os camiños e que aparecen explicados na súa correspondente entrada.

A denominación das vías públicas no medio rural resulta problemática pola falta de correspondencia entre as novas realidades urbanas e os espazos tradicionais. En moitos casos de todo o territorio galego existen confusións por erros na rotulación, polo que ás veces hai que distinguir entre a denominación de sempre e a considerada oficial. No nomenclátor de Redondela aparecen algunhas veces distintas denominacións ás recollidas.

A forma que presenta o topónimo adoita ser (o) camiño + de (+artigo) + nome. Na parroquia de Cedeira hai numerosos camiños. No barrio de Aldea atópanse **Camiño da Condessa de Torrecedeira, Camiño das Grilas, Camiño de Cova da Vella, Camiño do Eido de Bras, Camiño do Regueiro, Camiño dos Cribeiros e Camiño dos Lagos**. No barrio de O Cruceiro están **Camiño da Albarronda, O Camiño da Carballeira, Camiño da Longra, Camiño da Macarela, Camiño das Cardosas, Camiño das Ubreiras, Camiño de Nogueiride, Camiño de Quintán, Camiño de Viacoba, Camiño do Buscal, Camiño do Canabal, Camiño do Casal e Camiño do Souto**. No barrio de Eira Pedriña rexístranse **Camiño da Punta Lama, Camiño de Eira Pedriña, Camiño de San Pote, Camiño do Chan das Herbas, Camiño do Cocho e Camiño do Dereitiño**. No barrio de A Formiga están **Camiño da Artilleira, Camiño da Chicharra, Camiño da Poza de Cava da Vella, Camiño da Regasenda, Camiño de Soutelo e Camiño Vello**. En Fortóns atópanse o **Camiño da Cavadiña, Camiño da Costeira, Camiño de Eido Benita, Camiño de Fortóns, Camiño do Albarrén, Camiño do Caramuxo, Camiño do Covelo, Camiño do Eirado e Camiño do Monte**. No barrio de A Portela atópanse **Camiño da Porta Cedeira, Camiño da Baladiña, Camiño da Ballota, Camiño da Portela e Camiño das Tarantanas**. Finalmente, no barrio de Rande rexístranse **Camiño das Coutadas, Camiño das Muradas, Camiño das Regueiras, Camiño de Cotarel**

de Abaixo, Camiño do Coto do Coello, Camiño do Coto do Raposo, Camiño do Cristo, Camiño do Pousiño, Camiño do Río Maior e Camiño dos Salgueiros.

Por outra banda é preciso falarmos dos nomes de camiños que hoxe en día non teñen unha localización mais que apareceron na documentación. Por exemplo, **Camino Blanco**, **Camiño da Pateleira**, **Camino Real** e **Camino Viejo**.

Canal, O (O Cruceiro)

Canal pode ser un derivado de *cana* (do latín *CANNA*), por medio do sufixo *-ALE*, mais tamén pode facer referencia ao castelanismo *canal*, procedente do latín *CANALE*. A localización deste terreo fainos pensar na segunda hipótese, pois atópase no medio dun conxunto de casas chamado *Viacoba*, como se fora un *canal* que divide dúas zonas. **O Canal** atópase no barrio de O Cruceiro.

Carreiro dos Bolos

Carreiro é un substantivo común en galego que designa camiños. Este e a súa forma feminina *carreira* son ambos derivados de *carro*, do latín *carrus*, mais o feminino mantivo un significado próximo ao orixinario "camiño apto para carros", en tanto que o masculino pasou a especializarse como "camiño estreito apto para persoas ou para o gando, pero non para carros".

Pode ser que antigamente se xogase aos bolos e por iso recibise ese nome, mais na actualidade este sitio non está localizado. O xogo dos bolos é parte do pobo galego, pois ten presenza en toda Galicia e antigamente era unha das poucas actividades de ocio que podían practicar, sobre todo nas zonas rurais.

Curva da Morte (A Formiga)

As curvas amplas ou pronunciadas nos camiños e noutras vías públicas adoitan ter nomes propios que as individualizan. Neste caso no barrio de A Formiga rexístrase **Curva da Morte**, cuxo nome fai referencia a un punto perigoso da estrada no cal se produciron numerosos accidentes de tráfico.

Encrucillada, A

A *Encrucillada* adoita ser o lugar no que se produce un cruzamento de camiños. É un nome derivado de *cruz* e vén do latín INCRUCELIATA. Na **Encrucillada** do barrio de Eira Pedriña crúzanse o Camiño do Cocho, o Camiño de Eira Pedriña e o Camiño de Fortóns. Na **Encrucillada** de Rande o Camiño das Coutadas, o Camiño do Cristo e o Camiño do Río Maior.

Entrada da Casa (A Formiga)

O substantivo *entrada* vén do latín INTRĀRE e *casa*, do latín CASA. Este nome do barrio de A Formiga parece facer referencia a un paso entre dúas casas a través do cal se pode entrar a elas. Ademais tamén se rexistra o nome **Entrada do Campo** na documentación, mais non está localizado.

Portela, A

A forma *portela* é un diminutivo latino de *porta*, polo tanto unha porta pequena. Estamos ante un dos barrios principais da parroquia de Cedeira. Con este significado, polo xeral, refírese á existencia dun paso viario para persoas ou gando. No caso redondelán refírese á división que existe entre ela e Catapeixe que dá “entrada” á marisma (hoxe mergullada sob o asfalto).

No Catastro de Ensenada aparece como linde parroquial de Cedeira. Ademais do barrio tamén se rexistran dous terreos, un **A Portela** e outro **Portela da Estrada**, ambos no barrio de A Formiga.

3. Hidrotopónimos*

Ancas

Anca, segundo Bascuas (2005), vén de *anco* "recodo nun terreo", "enseada", que en castelán sería ancón "enseada pequena", e provén da raíz *ank-, *ang-, do latín ANCUS "encorvado" e angulus "ángulo". Neste caso rexístrase o plural **Ancas**, pero hoxe en día non se pode localizar.

No dicionario da Real Academia Galega aparece definido actualmente como "cada unha das dúas metades laterais da parte posterior do lombo de certos animais, especialmente dunha cabalaría". No Nomenclátor de Galicia rexístrase *Anca* como parroquia no concello de Neda.

Auga Branca (Fortóns)

Estamos ante un topónimo menor formado polo substantivo *auga* (do latín AQUA) e o adxectivo *branca* (adxectivo xermánico *blank* "branco, brillante", introducido no latín dende época temperá). Este topónimo atópase no barrio de Fortóns e pode que reciba o nome da *Mina de Auga Branca* que se atopa ao carón. As súas augas poderían ser limpas e claras.

* Topónimos que fan referencia ás augas.

Avión

Avión, malia o que poida semellar, é un diminutivo de *Avia*. Estes nomes proveñen dunha raíz hidronímica europea *ab ou *ap. Porén, o **Avión** da parroquia de Cedeira só aparece na documentación e hoxe en día é un topónimo menor sen localizar polo que non se pode saber a súa motivación.

Cano, O

Contén o substantivo común *cano* (do latín CANNUM), que designa o conduto que verte a auga. Na parroquia de Cedeira rexístrase *O Cano* nos barrios de Rande e Eira Pedriña.

Entrerríos (Eira Pedriña)

Entrerríos é un nome transparente. *Río* vén do latín vulgar RĪU, do clásico RĪVU “arroio, canle” e fai referencia a un terreo que se atopa entre dous ríos: o *Río Maceiras* e o *Río de Friáns*. Atópase no barrio de Eira Pedriña.

Feixa, A

A palabra galega *feixa* designa un cachón ou unha ferverza nun río. Na fala e na toponimia presenta dúas variantes: *feixa*, que sería a forma tradicional, e *freixa*. A orixe de *freixa* ou *feixa* é controvertida: hai autores que o relacionan con *fraga* e co verbo latino *frango* “romper”, mais tamén se ten proposto como étimo o latín FALASIA, polo que o nome *feixa* galego sería parente do francés *falaise* “acantilado, desnivel pronunciado” (Carrasco e Navaza, 2014: 100). Este é un topónimo bastante frecuente no suroeste de Galicia.

Na parroquia de Cedeira rexístranse **A Feixa** no barrio de Fortóns e **A Feixa** do barrio de Eira Pedriña. Esta última fai referencia a un terreo que se atopa ao carón do **Regueiro da Feixa** e que alberga o **Muíño da Feixa**.

Fonte, A

O substantivo común *fonte* é moi común na toponimia e procede do latín FŌNTEM. Navaza (2007: 56) afirma que no Nomenclátor de Ga-

licia son cerca de cincocentas as localidades que conteñen no seu nome este substantivo ou un derivado, e na toponimia menor é igualmente moi abundante. No barrio de A Formiga atópase un terreo chamado **A Fonte**, mais na parroquia de Cedeira rexístranse numerosas fontes.

No barrio de A Portela están **A Fonte da Ballota**, **Fonte do Civil**, **Fonte do Cocho** e **Fonte dos Banquiños**. Neste barrio tamén se atopa un terreo denominado **Fonte da Cal**, que non fai referencia a ningunha fonte. No barrio de A Formiga están a **Fonte da Bandeira**, **Fonte das Paridas** e **Fonte do Sapo** (ou do Gorgullón).

No barrio de Aldea están **Fonte da Grila**, **Fonte de Quintán** e **Fonte dos Lagos**. No barrio de Fortóns atópanse **Fonte da Xesteira**, **Fonte de Carallás** e **A Fonte do Cuña**. No barrio de Eira Pedriña están **A Fonte do Cocho** e **A Fonte do Eido da Chicá**. No barrio de Rande **A Fonte do Longo** e **Fonte dos Rusos** (ver *Coutada da Fonte dos Rusos*) e, finalmente, no barrio de O Cruceiro atópase **Fonte da Raíña** e **Fonte de Canabal** ou **dos Remedios**. A esta última fonte atribúenselle propiedades curativas. Esta última aparece no Catastro de Ensenada (1750-1754) como “fuente que llaman de Canaval”.



Fonte da Raíña.

Ademais, hai outros microtopónimos que non están localizados hoxe en día mais que aparecen na documentación. Estes son: **Fonte**, **Fonte das Moradas**, **Fonte das Muradiñas**, **Fonte de Lameiro**, **Fonte de Mouto**, **Fonte do Echo**, **Fonte do Rial** e **Fonte Ladesó**. E tamén **Fonterriba** e **Fontiñas**, o primeiro pode ser un composto aglutinado que nalgún momento da historia foi **Fonte de Riba**, indicando posición e o segundo é un diminutivo.

Fontela (O Cruceiro)

Fontela é un diminutivo de *fonte* (ver *Fonte*, A) a través do sufixo latino -ELLA. Tamén pode provir do apelido *Fontenla*, presente en Redondela xa dende o século XVIII. Fai referencia a un terreo que se atopa no barrio de O Cruceiro.

Gorgullón, O

A palabra *gorgullón* fai referencia a un lugar onde mana a auga. Podería vir do latín GURGULIONE “esófago”, “canón formado por un río” cun sentido figurado: “auga que expulsa a terra á superficie”.

Na parroquia de Cedeira atópase **O Gorgullón** no barrio de Fortóns e no de A Formiga. Neste último barrio ao carón do terreo de dito nome atópase a **Fonte do Sapo ou do Gorgullón**.

Lagoa, A

Lagoa é un substantivo que designa unha “extensión de auga máis pequena ca un lago e de menor profundidade” e vén do latín LACUNA. Pode facer referencia a unha lagoa propiamente ou a que son terreos abundantes en auga. Na parroquia de Cedeira hai tres terreos nomeados **A Lagoa**, dous no barrio de Eira Pedriña e outro no barrio de A Formiga.

Lagos, Os (Aldea)

O topónimo *Os Lagos* é un plural de *lago*, do latín LACUS e fai referencia de maneira transparente a varias masas de auga doce permanentes ou temporais, que puideron estar asociadas a unha pequena corrente fluvial (Cabeza Quiles, 2018: 89). **Os Lagos**, situado no barrio de Aldea, fai referencia a un terreo no cal tamén se sitúan a **Fonte dos Lagos**

e o **Lavadoiro dos Lagos** e por onde o pasa o **Camiño dos Lagos**. Na documentación tamén aparece **Lago**, mais hoxe non está localizado.

Lagueiro

Lagueiro é un derivado de *lago* (Ver *Lagos, Os*). Trátase dun microtopónimo presente na documentación que non está localizado.

Lavandeira

O Nomenclátor de Galicia recolle cerca de corenta topónimos que conteñen a forma *lavandeira*. Este é un hidrónimo que adoita designar lugares onde un curso de auga desborda do seu cauce e anega as inmediacións. Probablemente garda relación co verbo de orixe latina LAVAR, co substantivo prerromano *nava* ou con ambos (Navaza, 2007a: 120). Neste caso o microtopónimo **Lavandeira** está sen localizar.

Lavadeiros e Lavadoiros

Lavadoiro (do latín LAVATORIUM) designa a “pedra plana ou táboa colocada á beira dun río, dunha pía etc., sobre a que se lava a roupa” (diccionario da Real Academia Galega). Segundo Cabeza Quiles (2020: 140), o sufixo *-oiro* (< latín -ORIU) emprégase, unido a un verbo (neste caso *lavar*), para nomear aqueles lugares nos que se realiza a acción descrita polo verbo (así, *parladoiro, rapadoiro...*).

Na parroquia de Cedeira rexístranse varios lavadoiros. No barrio de A Portela están o **Lavadoiro da Ballota** e o **Lavadoiro Río da Plateira**. No barrio de Eira Pedriña está **O Lavadeiro de Resperón**; en A Formiga o **Lavadoiro da Bandeira** e **Lavadoiro da Formiga**; en Rande o **Lavadoiro de Río Maior** e en Aldea o **Lavadoiro dos Lagos**.



O Lavadeiro de Resperón

Lavegos, Os (Fortóns)

O topónimo *Os Lavegos* sitúase a carón do río Fortóns, que dá nome a este barrio de Cedeira. Neste caso procedería do verbo *lavar* máis o sufixo *-ego* co sentido de ter relación co verbo. Tamén se rexistra nesta mesma zona os topónimos **Lavego Redondo** e **Os Lavegos da Periza**.

Levado do Muíño (Eira Pedriña)

Tamén coñecido co nome de *Río de Friáns*, polo que fai referencia a un río. Un *levado* é unha corrente de auga que é conducida, parecido a unha *levada* só que esta é empregada para regar ou mover os muíños.

Luqueiro, O (Eira Pedriña)

Este topónimo sitúase nunha zona de humidais como se desprende dos topónimos que o rodean: O Cano, Poza de Resperón, A Lagoa... Por tanto, procedería da palabra *aloque* co significado de “pantano”, tal e como recolle Juan Sobreira (1792-97) ou no de Leandro Carré (1979). **O Luqueiro**, por conseguinte, viría designar un terreo coa auga ou unha sorte de lamazal.

Olleiro, O (Rande)

A voz *olleiro* nomea en galego e en portugués o manancial a través do cal a auga subterránea asoma á superficie. Polo tanto, estaríamos ante un derivado de *ollo*, do latín *OCULUM*, cun significado metafórico de “auga que gurgulla”, igual que *O Gorgullón* (Rodríguez González, 2019: 60). **O Olleiro** atópase no barrio de Rande.

Poza, A / Pozo, O

Unha *poza* é un pequeno depósito de auga que se forma nas fochas do terreo cando chove. Tamén é unha especie de encoro pequeno e pouco fondo. Igual que o masculino *pozo* (do latín *PŪTĒU*), o feminino *poza* aplícase tamén a calquera depresión, natural ou creada polo home, que se enche de auga por efecto das chuvias ou dalgún manancial (Navaza, 2007: 117).

Na parroquia de Cedeira hai numerosas pozas. No barrio de A Formiga está a **Poza da Cava da Vella**, no barrio de Aldea a **Poza do Río Grande**, no barrio de Eira Pedriña **A Poza de Resperón**; en Fortóns está **A Poza da Regueira**, **Poza do Caramuxo** e **Poza do Inxido** e en Rande **Poza da Pantrigueira**, **Poza do Gregorio** e **O Pozo**. Tamén se rexistran **Pozo de Arriba** e **Poza**, mais non están localizados.



A Poza de Resperón

Praia

A parroquia de Cedeira sitúase na costa do concello de Redondela e por iso presenta varias praias. Así pois, no barrio de A Formiga están **Praia da Chicharra** e **Praia da Regasenda**, no barrio de Rande temos **Praia de Rande** e **Praia do Rabicho** e no barrio de A Portela **Praia de Porta Cedeira**. Ademais, está a **Praia da Fulenca** que non está localizada, mais aparece na documentación.



Praia de Rande

Regadas, As

Regada fai referencia á “canle por onde baixa un rego de auga”, pero tamén ao “caudal que leva un rego”. Trátase do participio do verbo *regar*, do latín RIGARE. Dentro da parroquia de Cedeira, no barrio de Aldea atópanse **As Regadas de Abaixo** e **As Regadas**, polas que pasa o Río de Quintán. No barrio de Fortóns localízase **A Regadiña** que é un diminutivo de *regada*.

Rego

Rego é un substantivo que provén do celta *reku "gabia" e que seguramente conflúa cos derivados do verbo latino rigare "regar" (Gómez e Méndez, 2022: 69) e refírese a un pequeno curso de auga ou á canle que distribúe a auga polos prados. Na documentación rexístranse **Rego da Bouza**, **Rego do Abade** e o feminino **Rega das Carballas**. Son microtopónimos sen localizar.

Regueiro, O / Regueiras, As

O *Regueiro* é un topónimo derivado de *rego* (substantivo que provén do celta **reku* “gabia” e que seguramente conflúa cos derivados do verbo latino RIGARE “regar” (Gómez e Méndez, 2022: 69) e refírese a un pequeno curso de auga ou á canle que distribúe a auga polos prados. *Regueira* sería o feminino de *regueiro*.

No barrio de Rande rexístrase un terreo chamado **As Regueiras** e no barrio de A Formiga outro chamado **O Regueiro**. Estes non fan referencia a cursos de auga como si o fai **O Regueiro da Feixa** (Véxase a entrada *Feixa, A*) do barrio de Eira Pedriña.

Riba da Fonte (Fortóns)

Riba da Fonte é un topónimo composto formado polo adverbio *riba* (do latín RIPA) e o substantivo *fonte*. O substantivo común *fonte* é moi común na toponimia e procede do latín FŌNTEM. É un terreo que se atopa no barrio de Fortóns e que está parcialmente ocupado pola vía do tren. Ao seu carón atópase *A Fonte do Cuña* que é o que motiva o nome do terreo que, como xa indica, se atopa por riba dela. Tamén se rexistra **Riba da Poza**, pero non está localizado.

Río

Río é un topónimo de significado transparente e vén do latín RIVU “arroyo, río pequeno”. É moi abundante na toponimia e adoita constituír compostos.

Na parroquia de Cedeira atópanse numerosos ríos referidos a cursos naturais de auga doce, por exemplo: **Río de Porta Cedeira** no barrio de A Portela; **Río de Fortóns** no barrio que leva o mesmo nome; **O Río Vello** no de Eira Pedriña; **O Río de Quintán**, **Río Fenteiro** e **O Río Grande** no barrio de Aldea. O **Río Maceiras** percorre os barrios de Fortóns e Eira Pedriña. Este último xa aparece no Catastro de Ensenada (1750-1754) como un dos límites da parroquia de Cedeira, escrito “Río da Mazeyra”.



O Río Vello

En Rande sitúase o **Río Maior**, que é un regato que serve de linde entre Cedeira e Trasmañó e desemboca na praia de Rande. Recibe o nome de *Rego das Cabras* no curso alto e **Río Maior** preto da desembocadura. Noutro dos tramos tamén se denomina como **Río Longo**. O **Río Maior** aparece xa no Catastro de Ensenada (1750-1754).



Un tramo do Rego das Cabras.

Pola contra, existen dous terreos que tamén están formados polo substantivo *río* que non teñen que ver co curso natural da auga. Estes son o **Río das Barcas** no barrio de A Formiga, **Río dos Rusos** en Rande e **O Río Maior**, un terreo situado ao carón do río que leva o mesmo nome, tamén no barrio de Rande. Tamén hai outros nomes que non están localizados como **Río da Bouza**, **Río Ferrera**, **Río Torteiro** e **Río** que vén de Esteiro de Negrelos.

Salaia (Rande)

Bascuas (2014: 216) sinala que o topónimo *Salaia* deriva da raíz hidronímica indoeuropea *sal- “sal, sucio ou auga axitada”. En Malpica rexístrase *Seaia*, que vén do latín SALAGIA. Deste étimo dedúcese que a forma propia é *Salaia*, que significa “val ou territorio de Sala” pola condición de derivado co sufixo -io-. Non se sabe o que era *Sala*, pode facer referencia ao mar axitado ou a un pequeno río. No barrio de Rande rexístrase **Salaia de Abaixo** e **Salaia de Arriba**.

Tol de Auga, A (Aldea)

O substantivo feminino *tol* ou *atol* é un sinónimo de *presa*. Segundo Carrasco e Navaza (2014: 33) son formas características do galego suroccidental, da diocese tudense, que non teñen uso noutras áreas de Galicia. O Padre Sarmiento explicou en 1745 este substantivo do seguinte xeito: «En Tuy se llama *tol* y una *tol* aquella presa de agua que sirve para regar los maizales u otros sembrados. Hay verbo gallego *entolar* el agua, y es cuando se divide el agua para el riego. En Pontevedra se llama *tola* a aquella presa menor de agua» (Citado en Carrasco e Navaza, 2014: 34).

Tol, *tola*, *atolar* etc., son palabras de orixe prerromana; teñen parentes noutras linguas románicas (castelán *tollo*, *atolladero*; catalán *toll*...) e moi probablemente están relacionadas co céltico *túllon* “oco, burato, foxo”. Na parroquia de Cedeira, no barrio de Aldea, rexístrase **A Tol de Auga**, o lugar onde se atopan os *Muños do Pardo*.

4. Talasónimos*

Allada, A (A Portela)

A **Allada** é un galeón que parece un derivado de *allo*, do latín ALLIU. Na toponimia rexístrase *alledo*.

Barra da Portela (A Portela)

Barra da Portela é un topónimo transparente formado polo substantivo *barra* e o nome do barrio no que se atopa: *A Portela*. Este nome fai referencia a un galeón que se atopa ao final da *Punta do Socorro*. Así pois, unha *barra* é un “banco de area que se forma na desembocadura dun río” e trátase dunha voz prerromana.

Coviña, A (A Formiga)

Coviña é un diminutivo de *cova* (Ver *Cova da Vella*). Este nome fai referencia a un galeón que se atopa no barrio de A Formiga. Curiosamente, o terreo que se atopa máis próximo a el tamén recibe o nome de **A Coviña**.

* Topónimos que fan referencia ao mar e aos accidentes costeiros.

Figueira (A Formiga)

Figueira vén do latín FICĀRIA, derivado de *figo* (FĪCU), e en moitos casos sinala a antiga presenza no lugar dunha ou varias figueiras. Porén, neste caso estamos ante un galeón situado na costa do barrio de A Formiga. Se non fora un galeón estaría clasificado como un fitotopónimo. O Nomenclátor de Galicia rexistra 46 lugares chamados (A) *Figueira* ou derivados en plural.

Formiga

Galeón (Véxase a entrada *Formiga, A*)

La Ligerá (A Formiga)

Trátase dun barco afundido situado no barrio de A Formiga. Como se pode ver, o nome está en castelán.

Lastre Soutelo (A Formiga)

Trátase dun galeón afundido na Batalla de Rande situado no barrio de A Formiga. A Batalla de Rande tivo lugar en 1702, cando as tropas hispano-francesas sucumbiron ás forzas anglo-holandesas nunha batalla naval de considerables dimensións, ao que hai que sumarlle o posterior saqueo da zona. O combate produciuse no estreito de Rande onde se atopan os xacementos destes galeóns afundidos.

Lastre é o “peso que se carga nunha embarcación ou nun globo para asegurar o seu equilibrio” e *soutelo* é un diminutivo de *souto* (véxase entrada *Souto, O*). Sitúase diante de *Punta Soutelo*, do mesmo nome.

Pao da Barra / Pao da Sardiña (A Portela)

É preciso comezar salientando que na oralidade *Pao* é pronunciado /pau/. Así pois, **Pau da Barra** é un galeón afundido na *Barra da Portela* durante a Batalla de Rande. **Pau da Sardiña** podería facer referencia a un lugar no mar no que en tempos se daría ben a pesca da sardiña. Os dous pertencen ao barrio de A Portela.

Santo Cristo (A Formiga)

Os nomes relativos aos santos e aos cultos relixiosos son moi comúns na toponimia pola enorme presenza da relixión na cultura tradicional. **Santo Cristo** fai referencia a un barco afundido do barrio de A Formiga. Por ser un barco afundido aparece aquí clasificado como un talasónimo, pero polo nome fai clara referencia a un haxiotopónimo.

Tella (A Formiga)

Tella, tamén coñecido como *tello*, é o nome dun galeón afundido na Batalla de Rande situado no barrio de A Formiga. *Tella* vén do latín TEGULARE.

Toxo (A Formiga)

Con **Toxo** faise referencia a un galeón afundido na Batalla de Rande, no barrio de A Formiga. A voz *toxó* pénsase que vén dunha base *TOJU, seguramente prerromana. Está relacionado coa planta e é unha voz propia de Galicia e provincias veciñas, pois noutras zonas recibe o nome de *aulaga* ou *aliaga*.

5. Fitotopónimos*

Ameales, Os (Eira Pedriña)

Segundo Gonzalo Navaza (2006: 53), *amieiro* e *ameneiro* son os nomes máis comúns para a árbore que en castelán se domina *aliso*. Neste caso estamos ante o plural do topónimo derivado co sufixo abundancial -ALE, *ameal*. Estas formas son fitónimos de probable orixe prerromana. **Os Ameales** atópase no barrio de Eira Pedriña.

Ameixeiro

Nome que hoxe en día non se localiza e que deriva de ameixa, árbore que procede do latín *damascena* ou (*d*)*amascena*. Ameixeiro é un derivado masculino mediante o sufixo -ariu, aínda que o máis común é a forma en feminino ameixeira.

Arxal, O (O Cruceiro)

Este topónimo podería ter dúas posibles orixes: por un lado de *arxe*, que segundo o dicionario da Real Academia Galega sería “vexetación propia do monte que se emprega para queimar”; ou pode proceder de *orxo*, que o citado dicionario define como “planta herbácea da familia

* Topónimos que fan referencia á vexetación.

das gramíneas moi parecida ao trigo pero de menor altura, folla máis ancha e espiga máis alongada”. O sufixo *-al* ten valor de abundancia.

Bouza Longa, A (A Portela)

Bouza Longa é un topónimo composto polo substantivo *bouza* e o adxectivo *longa* (do latín *LONGA*). O substantivo *bouza* é unha palabra galega de orixe prerromana e ten abundante presenza na toponimia. Na documentación altomedieval en latín adoita aparecer coas grafías *bautia*, *baucia*. O seu significado é o de lugares non cultivados con abundante vexetación de árbores e monte baixo (Navaza, 2007: 93). Este nome rexístrase no barrio de A Portela.

Bruñado, O (A Formiga)

O Bruñado (vén do latín **prūnĕu*, por *PRŪNUM*) é un derivado abundancial que pode facer referencia a un terreo onde abundaban os abruñeiros, árbores cun froito de cor escura e sabor acedo, que se pode considerar un tipo de ameixa. Porén, o máis probable pola súa situación ao carón da costa é que fose un lugar no que se pescaban *bruños*, que son as crías da centola. **O Bruñado** atópase no barrio de A Formiga e ao seu carón sitúase **Punta Bruñado**.

Buscal, O (O Cruceiro)

O topónimo procede de *bosque*, tras unha pechazón da primeira vogal. O sufixo *-al* ten significado de abundante. Co cal, a información que nos ofrece é que neste terreo nalgún momento houbo varios bosques ou un bosque grande.

Canabal, O

Canabal pode parecer un nome que deriva de *cana*, do latín *CANNA*, que ten en galego un significado botánico xenérico aplicable ao talo de diversas especies e outro significado máis específico como nome da cana común. Crespo Pozo (citado en Navaza, 2006: 135) indica que as formas *canaval*, *canaveira*, *caneira* e *canivelar* son correspondencias galegas do colectivo castelán *cañaverál*. *Canabal* sería un composto formado por *CANNA* e *AVĒNA*, mais esta hipótese

para o segundo elemento parece ser contraditoria, pois esperaríase un resultado *canavial*. Este nome rexístrase con *v*, que é a forma etimolóxica, mais aquí está grafado con *b*. O feito de que apareza escrito con *b* fai pensar que deriva de *cánabo*, do latín CANNABUM, planta da que se extrae unha fibra téxtil para facer cordas e outras cousas.

No barrio de O Cruceiro rexístrase **O Cabanal** que fai referencia a un lugar e dentro deste lugar atópanse dous topónimos nomeados **Canabal de Abaixo** e un **Canabal Arriba da Periza**. Porén, a localización destes é curiosa: un dos topónimos nomeados **Canabal de Abaixo** atópase no barrio de Fortóns, xa que o lugar de **O Canabal** está dividido entre os dous barrios. Este atópase ao carón de **Canabal Arriba da Periza**.

O Nomenclátor de Galicia recolle oito lugares chamados (*O*) *Canaval* e unha parroquia *Canaval* no concello de Sober.

Carballa, A (A Portela)

O feminino de *carballo* (Ver *Carballo Longo, O*), *carballeira*, designa exemplares de carballo de moita idade e gran desenvolvemento. Navaza (2006: 154) sinala que nos dicionarios o uso deste termo caracteriza ás zonas de Ourense. **A Carballa** atópase no barrio de A Portela, mais na documentación rexístrase outro lugar **Carballa** que non está localizado actualmente. O Nomenclátor de Galicia rexistra once lugares chamados *A Carballa*.

Carballeira (O Cruceiro)

É moi abundante na toponimia a presenza de *carballeira*, derivado de *carballo* (Ver *Carballo Longo, O*), que ten un uso moi vivo na fala co significado de “bosque de carballos”. **Carballeira** nomea un lugar do barrio de O Cruceiro que, ademais de casas, presenta moitos carballos. O Nomenclátor de Galicia rexistra 83 lugares chamados (*A*) *Carballeira* en singular e en plural e unha parroquia *A Carballeira* no concello de Nogueira de Ramuín.

Carballida (O Cruceiro)

Derivado de *carballo* (Ver *Carballo Longo, O*) correspondente a *CARBALIĒTA. Na toponimia é máis frecuente o masculino *Carba-*

llido, ou as formas *Carballedo* ou *Carballeda*. **Carballida** atópase no barrio de O Cruceiro. Na documentación rexístrase outro lugar, **Carballido**, do latín *CARBALIĒTU*. que non está localizado actualmente.

O Nomenclátor de Galicia rexistra só un lugar denominado *A Carballida* no concello de Salceda.

Carballiño, O (A Formiga)

É un diminutivo de *carballo* (Ver *Carballo Longo, O*) mediante o sufixo *-INO*. **O Carballiño** de Cedeira atópase no barrio de A Formiga e ao seu carón sitúase **Punta Carballiño**. O Nomenclátor de Galicia rexistra o concello do *Carballiño* e vinte lugares nomeados (O) *Carballiño* e derivados en plural.

Carballo Longo, O (Eira Pedriña)

O *Carballo Longo* é un topónimo menor formado pola voz *carballo* (ver *Carballo*) unida cun adxectivo: *longo* (do latín *LONGU*).

O substantivo galego *carballo*, que dá nome ao carballo común (*Quercus robur*), procede dunha forma **carbalio*, con base na voz prelatina *CARBA* “tropeza, renovo de carballo, carballo miúdo, monte baixo preferentemente de carballo” e o sufixo **-ALIU*. Neste caso estamos ante a forma *carballo* unida cun adxectivo: *longo* (do latín *LONGU*).

Os compostos por *carballo* e adxectivos son moi comúns na toponimia galega. **O Carballo Longo** atópase no barrio de Eira Pedriña. No Nomenclátor de Galicia rexístranse moitos exemplos como o *Carballlo Branco* en Barreiros, *Carballo Torto* en Aranga, *O Carballo Furado* en Narón etc.

Carballo

O substantivo galego *carballo*, que dá nome ao carballo común (*Quercus robur*), procede dunha forma **carbalio*, con base na voz prelatina *carba* “tropeza, renovo de carballo, carballo miúdo, monte baixo preferentemente de carballo” e o sufixo **-ALIU*. Con todo, **Carballo** só aparece na documentación e é un topónimo menor sen localizar na actualidade.

Cardo del Lugar

O microtopónimo **Cardo del Lugar** está formado polo substantivo *cardo*, que vén do latín *CARDU*. O nome *cardo* aplícase a varias especies de plantas, non sabemos a motivación porque é un topónimo que non está localizado.

Cardosas

Cardosas é un derivado plural de *cardo* (ver *Cardo del Lugar*) mediante o sufixo latino *-OSA*. Trátase dun topónimo menor que fai referencia á vexetación pola presenza ou abundancia de cardos. Non está localizado na actualidade.

Castañal, O

Castañal é un substantivo derivado do nome *castaña* que ten orixe no latín *CASTANĒA* e que, mediante o sufixo abundancial *-al* (do latín *-ALE*), forma *castañal* para designar un lugar poboado de castiñeiros, tamén coñecido como souto. Na parroquia de Cedeira rexístrase **O Castañal** dúas veces, unha no barrio de Rande e outra no barrio de Fortóns.

Castiñeiras

Castiñeira é un derivado de *castaña* (ver *Castañal, O*) a partir do sufixo *-eira* (do latín *-ARIA*). Na documentación rexístrase o topónimo menor **Castiñeiras** que hoxe en día non está localizado.

Cerdeira Negra, A (O cruceiro)

A **Cerdeira Negra** é un topónimo do barrio de O Cruceiro composto polo substantivo *cerdeira* (ver *Cerdeiras, As*) e o adxectivo *negra*, do latín *NIGRA*. Trátase dun tipo de árbore froiteira.

Cerdeiras, As (A Formiga)

Topónimo referido ao nome da árbore da cereixa, a *cerdeira*, do latín *CERESARIA*. Esta denominación da árbore é común ao galego e ao portugués, aínda que neste último é hoxe considerado como unha

variante dialectal. O topónimo **As Cerdeiras** rexístrase no barrio de A Formiga.

Cortizas, As

O substantivo *cortizo* procede do latín CORTĪCĒU, derivado de *cortex*. Nalgunhas áreas de Galicia é a forma usada para referirse á sobreira (*Quercus suber*). Porén, tamén pode designar un recipiente feito de casca de sobreira (a cortiza) ou doutros materiais, onde habitan as abellas e no que fan a cera e o mel. Estamos ante o topónimo en feminino, **As Cortizas**, que non está localizado.

Devesa

O topónimo *A Devesa* procede do latín serodio *(TERRA) DEFENSA “terra coutada”, “terra ou territorio cercado”, e sinala antigas devesas ou grandes fincas pechadas que podían ser as devesas do rei e eran empregadas para a produción de madeira. Noutras ocasións o topónimo *A Devesa* ten menos pretensións e sinala áreas coutadas máis pequenas, propiedade de particulares (Cabeza Quiles, 2018: 65). No barrio de Fortóns atópase **A Devesa do Rei**, que alude directamente ao monarca.

No barrio de A Formiga atópanse **Devesa de Pedro**, **Devesa do Crego**, **Devesa do Faro**, **Devesa do Lugar de Arriba** e **Devesa do Monte**. No barrio de Rande están **Devesa de Tía María** e **Devesa do Fariñeiro**. A maioría dos nomes parecen indicar a quen pertencían esas terras, ben sexa polo nome ou polo alcume. Alén destes nomes existen outros na documentación que non se dan localizado actualmente como **Devesa do Barro** ou **Devesa**. E outros coa forma castelá *dehesa* como **Dehesa das Pedras** e **Dehesa Nova**, tamén sen localizar.

Entraxestas

Xesta vén do latín vulgar *genēsta do latín clásico GENISTA e é moi abundante na toponimia (Navaza, 2006: 566). Neste caso estamos ante un composto coa preposición *entre*, o artigo *as* e o substantivo *xestas*. É un microtopónimo que non está localizado.

Entreviñas (O Cruceiro)

Entreviñas é un nome formado pola preposición *entre* e o substantivo *viña*. Este último vén do latín *VĪNĒA* e fai referencia a un terreo plantado de vides. Nos sitios nos que a climatoloxía o permite, a viña foi e segue sendo intensamente cultivada dende a Idade Media. Así pois, nas ribeiras do río Sil, do Miño, do Avia, do Támea, do Arnoia e noutros constituíuse como a actividade agrícola máis importante (Navaza, 2006: 559). O Nomenclátor de Galicia rexistra tres lugares chamados (*As*) *Entreviñas*. **Entreviñas** da parroquia de Cedeira atópase no barrio de O Cruceiro.

Enxertos, Os (Rande)

Enxerto é un substantivo procedente do participio do verbo *INSĚRĚRE* “inserir, introducir”, no que confluíron un derivado de *SERĚRE* “tecer” e outro de *SARĚRE* “sementar, plantar”. Deste substantivo naceu o verbo *enxertar*.

Neste caso o nome está en plural e fai referencia a un terreo situado no barrio de Rande. Outra variante deste substantivo é *inxerto* (o cambio de vogal débese a unha disimilación vocálica), que tamén ten presenza na parroquia de Cedeira. Así pois, rexístrase **Os Inxertos** tamén no barrio de Rande.

Espadanal

Espadanal é un derivado colectivo de *espadana*, planta que vén do latín *SPATHA+ANNA* e o sufixo abundancial *-ALE*. É un fitotopónimo que hoxe en día non está localizado.

Espiñeiros de Arriba

Espiñeiro deriva de *espiño* mediante o sufixo latino *-ARIU*. *Espiño* vén do latín *SPĪNO* e pode designar varias especies botánicas. Comunmente fai referencia ao *espiño albar* ou *estripo*. Neste caso estamos ante un composto *Espiñeiros de Arriba* cuxo segundo elemento indica posición, mais que non está localizado.

O Nomenclátor de Galicia rexistra unha parroquia chamada *Os Espiñeiros* no concello de Allariz e 17 lugares co mesmo nome.

Estripeiro, O

Estripeiro é o nome dunha árbore que procede do latín *STIRPE*. O derivado *Estripeiro* fórmase mediante o sufixo latino *-ARIU*. No barrio de Rande atópase **O Estripeiro de Cacabelos**, que dá nome a unha árbore, e no barrio de Fortóns **O Estripeiro**, que dá nome a un terreo.

Fenteira, A (Rande)

Fenteira vén do latín *FĪLĪCTARIA*, derivado de *fento*. No barrio de Rande, **A Fenteira** designa un lugar, unha entidade de poboación. O Nomenclátor de Galicia recolle sete lugares chamados así.

Ferráns, As (Fortóns)

Segundo Carrasco e Navaza (2014: 93) en galego a *ferraia* ou *ferraña* (do latín *FERRAGINEM*) “orxo, avea ou outra clase de forraxe que se sementa para alimentar o gando” ten unha variante *ferrán*. Neste caso, estaríamos ante o plural de *ferrán*, **As Ferráns**, microtopónimo rexistrado no barrio de Fortóns.

Folgada

Folgada vén do latín *FILICATA* “lugar onde medran os filictus (“fentos)”. O substantivo *folgada* pode ter diversas acepcións en galego, como “terras que se encontran descansando ou en barbeito despois dun cultivo” ou “veigas húmidas dedicadas á produción de herba de prado”. Esta última acepción foi recollida no concello de Redondela (Rodríguez González, 2019: 96). Este microtopónimo está actualmente sen localizar.

Galleiro (A Formiga)

Este nome deriva do latín **GALLEU* “rama”, que deu o galego *gallo* e que ten as acepcións de “cada unha das partes que saen do toro das árbores ou das demais bifurcacións, nas que nacen follas, flores e froitos” ou “rama ou pau bifurcado”. Esta acepción fai que en certas ocasións o topónimo non teña un valor fitotopónimo, senón que fai referencia ao concepto de bifurcación (Álvarez Pérez, 2019: 178).

Neste caso **Galleiro** atópase no barrio de A Formiga e fai referencia a un terreo no que non se aprecia relación co concepto de bifurcación.

Herbal, O

O substantivo *herba* (do latín HĒRBA) é unha voz común que designa os pastos e en xeral toda clase de planta herbácea. Neste caso estamos ante o derivado *herbal* formado polo sufixo -ALE, que é común como topónimo nas áreas occidentais (Navaza, 2006: 301). Na parroquia de Cedeira rexístrase **O Herbal** no barrio de Fortóns e no de Aldea.

Inxertos, Os (Rande)

Véxase a entrada *Enxertos, Os*.

Laranxeira (Aldea)

Laranxeira e *laranxa* son as denominacións galegas da árbore e da froita do *Citrus aurantium*. O nome procede do árabe *naránga*, aínda que o *n-* inicial disimilou nun *l-* no galego e no portugués dando lugar a *laranxa* e *laranja* respectivamente. Con todo, Navaza (2007: 107) indica que hai casos nos que podería ser un topónimo relacionado cunha raíz prerromana NAR- que ten un valor relacionado coa auga, de hidrónimo. Esta mesma raíz estaría nos topónimos *Narón*, *Neira* etc.

Laranxeira da parroquia de Cedeira atópase no barrio de Aldea. O Nomenclátor de Galicia recolle cinco lugares chamados *A Laranxeira* e derivados.

Loureiros, Os (Aldea)

O nome galego do *loureiro* é un derivado do latín vulgar LAURARIU, en latín clásico LAURUM. É un nome moi común na toponimia galega. Na parroquia de Cedeira atópase **Os Loureiros** no barrio de Aldea.

Maceiras (Fortóns)

Maceira é un derivado do substantivo común *mazá*, que vén do latín vulgar MATIANA OU MATTIANA. Esta voz latina deriva do nome dun personaxe romano, MATIUS, que difundiu esta árbore froiteira (Navaza, 2006: 340). En concreto, *maceira* vén do latín MATTIANARIA. O nome destes dous terreos do barrio de Fortóns, **Maceiras de Abaixo** e **Maceiras de Arriba**, pode ser tomado do **Río Maceiras**.

Macidas

Macida é a forma portuguesa de *Maceda*, derivado de *mazá* (Véxase a entrada *Maceiras de Abaixo*). Neste caso rexístase na documentación o plural **Macidas**, mais non está localizado.

Mendexa, A (Aldea)

Posiblemente se trate dun microtopónimo composto por *A Menda* (procedente do latín AMENETA, con valor de colectivo e referido aos amieiros) e polo sufixo *-exa*. Polo tanto, este nome referirá un lugar onde existan esta clase de árbores ou ben un lugar relativamente húmido.

Nogueiride (Aldea)

O nome *Nogueiride* é un derivado de *nogueira*, que se refire a un colectivo da árbore que dá noces, que en latín se chamaba NUCARIA (formado a partir do sufixo -ARIA, do latín NUX, NŪCIS “noz”). **Nogueiride** da parroquia de Cedeira atópase no barrio de Aldea e fai referencia a unha extensión de terreo na que se atopan diversas casas. Ao carón deste terreo pasa o **Camiño de Nogueiride**.

Nogueiriña

Nogueiriña é un diminutivo de *nogueira* (Ver a entrada *Nogueiride*) e é un microtopónimo documentado, pero non localizado.

Pereira, A

A *pereira* é a árbore que ten a pera de froito. Prové do latín PIRARIA, mais na toponimia pode confundirse con PETRARIA, derivado

de PETRA. Polo tanto pode facer referencia a un lugar abundante en pedra ou a unha plantación de pereiras, aínda que probablemente estea relacionado coa árbore. Na parroquia de Cedeira rexístrase **A Pereira** nos barrios de Rande e A Formiga e **As Pereiras** no barrio de A Portela. Ademais, sen localizar temos os microtopónimos **Pereira Grande** e **Trozo de Pereira**.

Pereiriño (Fortóns)

Pereiriño é o diminutivo de *pereira* (Ver *Pereira, A*) mediante o sufixo *-iña* e atópase no barrio de Fortóns. Sen localizar tamén está a forma en feminino **Pereiriña**.

Pexegueiros, Os (O Cruceiro)

Trátase da árbore da froita *pexego* que é un resultado do adxectivo *PERSICUM*, termo que alude á procedencia desta froita: Prusia. As diversas variantes que existen no territorio galego conservan ou non a acentuación da esdrúxula (*préxego, péxego, pésego / prexego, pexego, pesego*), conservan ou non o *s* da secuencia *-rs-* (*péxego, pexego, pésego, pesego / préxego, prexego*) e a palatalización ou non da sibilante (*pésego, pesego / péxego, pexego*). O lugar **Os Pexegueiros** do barrio de O Cruceiro vén do latín *PERSICARIU* e, como xa se dixo, designa a árbore, mais en orixe tamén puido ter un valor colectivo (Navaza, 2006: 447).

Pino / Pinal

A forma *pinal* é un derivado en *-AL* de *pino*. *PINALE* ten como resultado *piñal* ou *piñar*, mais son máis comúns as formas con *-n-* como *pin-al* ou *pin-ar*. O primeiro pode ser considerado un derivado galego do castelanismo *pino*. Deste xeito, estamos ante topónimos de creación recente ou alteracións castelanizadas (Navaza, 2006: 418). Rexístrase a forma simple **Pino Manso** no barrio de Aldea, **O Pinal** no barrio de Rande, **O Pinal do Abade** no barrio de A Formiga e **Pinales do Muíño** tamén en Aldea. Ademais, aparecen na documentación **Pinar de Arriba**, **Pinar del Rey**, **Pinar do Rey**, **Pinal dos B.**, **Pinar da T.** e **Pinos de Abajo**. Nomes que actualmente non están localizados.

Pumar, O / Pumariño

O Pumar é un derivado do substantivo *pomar*, que designa un “terreo ou horta plantada de árbores froiteiras, especialmente de maceiras” (diccionario da Real Academia Galega). Procede do latín POMARE, variante de POMALE. En galego aínda está vivo o significado xenérico de “horta con árbores froiteiras” e é este o significado co que aparece nos documentos medievais. Así, no Tombo de Celanova, nun folio do ano 961 dise:

“*ipsum pummarem cum suo terreno et suas mazararias*” (Navaza, 2006: 426)

Na parroquia de Cedeira rexístrase **O Pumar** no barrio de A Portela e no de O Cruceiro. Neste último barrio tamén se atopan as formas en diminutivo **Pumariño de Arriba** e **Pumariño de Abaixo**. Ademais, rexistrouse o topónimo **Pumar de Rey**, que está sen localizar.

No Nomenclátor de Galicia aparecen 25 lugares denominados *O Pumar* e outros 58 que conteñen o substantivo: sen artigo (*Pumar*), coa forma diminutiva (*O Pumariño*, *Pumarín*) e outros (*Pumares*, *A Veiga do Pumar* etc.).

Salgueiral, O (Eira Pedriña)

O substantivo *Salgueiral* vén do latín SALĪCARIALE, e é un derivado colectivo do latín SALIX “salgueiro”. No barrio de Eira Pedriña rexístranse dous terreos denominados **O Salgueiral**. Ambos parecen estar poboados con salgueiros. Na documentación menciónanse os topónimos **Salgueiral** e **Salgueiral del Fondo** que hoxe en día non se puideron localizar.

Salgueiros, Os (Rande)

Salgueiro é o nome que recibe a árbore que deriva da voz latina SALIX “salgueiro” mediante o sufixo -ARIU. Deste xeito, *salgueiro* vén de SALĪCARIU e esta denominación está presente en moitos topónimos galegos. No barrio de Rande rexístrase **Os Salgueiros**, un terreo con estas árbores, e tamén **Salgueiros entre Ríos**, que está sen localizar.

Sandial (Rande)

Sandial fai referencia a un terreo do barrio de Rande que puido estar cultivado con sandías. *Sandía* vén do árabe *SINDIYYAH*.

Sobreiro (A Portela)

A *sobreira* é un tipo de árbore e vén do latín *SUBERARIA*. A forma masculina **Sobreiro**, como a que se recolle no barrio de A Portela, é minoritaria na toponimia. Tamén recibe o nome de **Encima do Túnel** por estar enriba do túnel, hoxe tapado, que daba acceso á primeira estación de ferrocarril da vila.

Soutelo (A Formiga)

Soutelo é un diminutivo de *souto* (Ver *Souto, O*) a través do sufixo latino *-ĒLLU*. Con este nome no barrio de A Formiga tamén se atopa **Punta Soutelo**, o galeón **Lastre Soutelo** e o **Camiño de Soutelo** que pasa ao carón.

Souto, O

Souto vén do latín *SALTU*, que tiña en orixe un significado oronímico de “desfiladeiro, quebrada” e outro fitonímico “pastizais con bosque” (Navaza, 2006: 513). O nome indica que habería, no momento do nacemento dos topónimos, un souto de castiñeiros ou de castiñeiros e carballos mesturados. Segundo Cabeza Quiles (2018: 172) a castaña tivo moita importancia como alimento en Galicia, antes da chegada da pataca americana de alén mar, e fixo que fose chamado nun principio castaña da terra ou castaña mariña. O topónimo *Souto, O Souto* e derivados é moi numeroso na nosa terra.

No barrio de Fortóns localízanse **O Souto de Arriba** e **O Souto de Abaixo**. No barrio de A Formiga rexístrase **O Souto** en referencia a un bosque de castiñeiros. Ademais, na documentación aparecen nomes como **Souto da Troncosa**, **Souto de la Tramosura**, **Souto do Regueiro** e **Soto de Condes**, que hoxe en día non foi posible localizar.

Teixeira

Teixeira é un topónimo que deriva de *teixo*, árbore que foi nalgún tempo moi abundante en Galicia pola súa presenza na toponimia. *Teixeira* vén do latín TAXARIA e é unha voz común en galego que designa un bosque de teixos (Navaza, 2006: 529).

Este microtopónimo da parroquia de Cedeira non está localizado. O Nomenclátor de Galicia recolle 17 lugares denominados (A) Teixeira.

Toxal

Toxal é unha palabra con valor colectivo derivada de *toxo* mediante sufixo *-al* (no latín *-ALE*). O toxo é un arbusto de grande importancia en todo o territorio galego que se empregaba como cama para o gando e, mesturado con excrementos, era empregado como abono de primeira calidade. Ademais de ser empregado como combustible ou como alimento para animais (Álvarez Pérez, 2019: 208). A forma toxo é unha voz propia de Galicia e zonas limítrofes, pois en castelán é coñecida co nome de *aulaga* ou *aliaga*.

Na documentación (por iso aparecen castellanizados) rexístranse nomes que hoxe en día non están localizados. Así, aparecen **Tojal da Leira**, **Tojal das Chozas**, **Tojal del Medio**, **Tojal del Norte**, **Tojal del Sur** e **Tojal do Rey**.

Toucedos

O microtopónimo *Toucedos* é un derivado en *-ĒTU* de *touza*, termo común en galego que significa "carballeira" ou "bosque con maleza". Esta voz é de orixe prerromana e proponse para ela un étimo **taucia*, **tautia* ou **toutia*, e ten moita presenza na toponimia. Neste caso rexístrase o plural **Toucedos**, pero non foi posible localizalo. O Nomenclátor de Galicia recolle cinco lugares con este nome.

Ubreiras, As (O Cruceiro)

Estamos ante un microtopónimo complexo. O máis posible que proceda de *sobreira* (do latín SUBERARIA). Neste caso houbo unha modificación provocada pola fala pois pode remitirnos a *As Sobreiras*

que logo pecharía o primeiro –o-. No barrio do Cruceiro rexístranse **As Ubreiras, A Ubreira Grande e A Ubreira Pequena.**

Viniña, A (Fortóns)

Trátase dun diminutivo de *viña*, probablemente unha alteración de *viñiña* motivada pola disimilación das palatais e pode que con algo de interferencia do castelán. O substantivo *viña*, do latín *VĪNĒA*, fai referencia a un terreo plantado de vides. **A Viniña** sitúase no barrio de Fortóns.

Viña

O substantivo *viña*, do latín *VĪNĒA*, fai referencia a un terreo plantado de vides. Nos sitios nos que a climatoloxía o permite, a viña foi e segue sendo intensamente cultivada desde a Idade Media. Así pois, nas ribeiras do río Sil, do Miño, do Avia, do Tâmega, do Arnoia e noutros constituíuse como a actividade agrícola máis importante (Navaza, 2006: 559). Na documentación rexístranse nomes como **Viña da Besta, Viña de Abajo, Viña do Can, Viña Grande e Viña Vella**, pero hoxe en día non están localizados.

Xardín, O (A Formiga)

A voz *xardín* é tomada do francés *jardin*, que á súa vez é un diminutivo romance do francés antigo *jart* “horto”. Na lingua medieval, antes de que aparecera este galicismo, usábase co mesmo significado *horto* (Navaza, 2006: 563). **O Xardín** é un terreo situado no barrio de A Formiga. O Nomenclátor de Galicia recolle *O Xardín* en tres lugares, concretamente nos concellos de Gondomar, Melide e Ribadeo.

Xestas, As / Xesteira, A

Xesta é a denominación de diversas especies de plantas leguminosas. Este nome procede do latín vulgar **GENĒSTA*, do latín clásico *GENISTA* e é moi abundante na toponimia (Navaza, 2006: 566). Dentro da parroquia de Cedeira, no barrio de Rande rexístrase **As Xestas** e no de Fortóns un derivado: **A Xesteira**. Este derivado correspóndese co latín **GENESTARIA*. Ao carón deste último atópase **A Fonte da Xesteira**. Ademais, na documentación tamén aparece o microtopónimo **Xestal**, pero actualmente non está localizado.

6. Topónimos relacionados cos tipos de poboamento e con outras obras e actividades humanas

Aldea

O topónimo *Aldea* é moi abundante en Galicia e provén do andalusí ADDÁY"A, árabe clásico *day"ah* "a quinta rústica. Nomea unha aldea ou pequeno núcleo poboado do medio rural. O arabismo galego *aldea*, moi asentado na lingua, é de introdución medieval tardía na toponimia (Cabeza Quiles, 2020: 19). Na parroquia de Cedeira está o barrio de **Aldea**. Ademais, nesta parroquia rexístrase o microtopónimo **Aldea** para facer referencia a unha pequena entidade de poboación.

Cachada (Eira Pedriña)

O substantivo *cachada*, formado sobre o participio do verbo *cachar* (do latín *CASCULARE “romper”), ten moita presenza na toponimia. Designa terras gañadas ao monte por ese procedemento. Moitos terreos de mato ou arboredo que no seu día foron cachados para dedicalos a cultivos, na actualidade son de novo terras de monte (Navaza, 2007: 55). O topónimo **Cachada** atópase no barrio de Eira Pedriña.

Cacharela (O Cruceiro)

Cacharela semella ter o mesmo significado que *cachada* (ver *Cachada*). Carrasco e Navaza (2014: 72) indican que pode ser un deri-

vado directo de *cachar* ou unha alteración do diminutivo *cachadela*, pode que por interferencia do común *cacharela* “fogueira”.

Outra hipótese é que faga referencia a *cachar* ou *cavar* e despois queimar unha superficie de monte para sementar, normalmente, trigo (Cabeza Quiles, 2018: 40). A terminación en *-ela*, do latín *-ĒLLA*, indica que este nome está en diminutivo. Así pois, **Cacharela** do barrio de O Cruceiro podería facer referencia a unha pequena parcela de monte cavado ou cachado cuxos restos de vexetación brava se queimaban para deixar o terreo limpo para sementalo.

Canteira de Eira Pedriña, A

Fai referencia a un sitio onde se extraía mineral: unha *canteira*. Este nome deriva do latín *CANTO* “pedra, especialmente empregada na construción” xunto co sufixo *-eira*. Está situado no barrio de Eira Pedriña.

Cargadeiro de Mineral (Rande)

Ver a entrada *Cargadeiro de Pedra*.

Cargadeiro de Pedra (A Formiga)

A palabra *cargadeiro* procede de *cargar*, en latín vulgar *carricare*, derivado de *CARRUS* “carro”. Co nome derivado *cargadeiro* (cargadeiro) désígnase o “lugar destinado á carga e á descarga de mercancías” (diccionario da Real Academia Galega). O **Cargadeiro de Pedra** atópase no barrio de A Formiga e é un lugar situado a pé do mar onde se cargaba granito en barcos.

No barrio de Rande hai outro cargadeiro, **O Cargadeiro de Mineral**, que tamén se atopa a pé do mar, pero ten unha estrutura moito máis característica. Ademais, pola beira destes cargadeiros pasa o tren.

O Cargadeiro de Mineral Pertencía á empresa “Minero Siderúrgica de Ponferrada, S. A.” e empregábase para embarcar ferro, que chegaba por tren procedente de Coto Wagner (en Ponferrada), e carbón das minas de Larciana e O Bierzo. Estes minerais eran exportados a outros países, como Inglaterra e Alemaña. A estrutura está formada por tres plataformas metálicas unidas a terra por unha cinta transportadora. A proximidade das vías do tren permitía que os va-

góns envorcaran o mineral na explanada onde se atopa o cargadoiro que cesou a súa actividade a mediados dos anos 70.



Cargadeiro de Mineral

Casa

O substantivo *casa* (< latín *CASA*) ten moita presenza na toponimia, en ocasións para designar paraxes onde non hai na actualidade edificación ningunha, pero si houbo no pasado.

A **Casa das Ánimas** no barrio de Aldea, chamada así por conter un peto de ánimas e que tamén foi empregada como escola; a **Casa dos Carabineiros**, no barrio de A Formiga e a **Casa da Murada** en Rande fan referencia a dúas construcións. Pola contra, a **Casa do Covelo** (no barrio de Fortóns) e **A Casa Vella** (no barrio de A Formiga) fan referencia a terreos que dentro da súa superficie teñen casas, polo tanto poden referirse a un alcume ou a unha característica.



Peto de ánimas

En canto á **Casa dos Carabineiros**, este era o lugar onde estaba o posto dos carabineiros que debían controlar a chegada de mercadorías ao peirao da Portela, dende onde se trasladaban en gabarras ao porto de Redondela polos problemas de calado deste. Enriba dunha das portas da edificación aínda se pode ler “ano de 1728”. O carabineiro máis famoso sería John O’Dogherty, coñecido en Redondela como Juan do Ghuerto, considerado un heroe na Batalla de Pontesampaio (1809). A finais do século XIX o edificio sería empregado como fábrica de salgadura, pola sociedade formada por Juan Ato. Thomé (de Viladebé) e Antonio Vidal (de Vilanova-Principado de Cataluña).

Casal (O Cruceiro)

Casal (do latín *CASALE*, derivado de *casa*), foi empregado na Idade Media para denominar unha propiedade rural consistente nunha casa de campo coas dependencias auxiliares e as súas terras de labor. Ten moita presenza na toponimia de toda Galicia, xa que no nomenclátor aparecen rexistradas máis de duascenas entidades de poboación co substantivo *casal* (Navaza, 2007: 40). O topónimo **Casal** do barrio de O Cruceiro denomina un conxunto amplo de terreo con varias casas.

Por outra banda, **Casal de Sancho** é un microtopónimo composto por *casal* e *Sancho*, do latín *sanctius*. Polo tanto, podería facer referencia ao propietario, mais estamos ante un topónimo sen localizar.

Casarella

A forma *casarella* é o feminino de *casarello*. Forma en orixe diminutiva **casaricũlos*, que actualmente pode que se use cun sentido despectivo. O *casarello* é unha “casa pequena y de poco valor” e, por extensión, “pueblecito aldeano de casarellas pobres y casi arruinadas”.

Caserón, O (A Formiga)

Caserón é un derivado aumentativo de *casa*, e adoita facer referencia a casas moi grandes e vellas. Esta palabra non se rexistra nos dicionarios galegos, polo que sería un castellanismo. Neste caso, **O**

Caserón do barrio de A Formiga só fai referencia a un terreo situado a carón das vías do tren.

Casilla, A (A Formiga)

A **Casilla** facía referencia a un caseto do tren xa desaparecido situado no barrio de A Formiga.

Chouso, O (Rande)

Chouso e *chousa* son o resultado galego do latín CLAUSUM, CLAUSAM, participio do verbo CLAUDERE “pechar, cerrar”. Na fala de moitas áreas de Galicia o feminino *chousa* segue a ser unha palabra de uso frecuente para designar unha propiedade, particularmente de monte, cercada ou pechada sobre si (Carrasco e Navaza, 2014: 76). No barrio de Rande rexístranse **O Chouso Grande** e **O Chouso Pequeno**. O primeiro aparece modificado polo adxectivo *grande*, procedente do latín GRANDE e o segundo polo adxectivo *pequeno*, cuxa etimoloxía non está totalmente esclarecida, mais podería proceder dunha forma tardolatina *PITTINNU.

Chozas, As (A Formiga)

As *Chozas* é o plural derivado de *choza* “cabana” que viría do latín PLUTEUS “caseta de táboas usada polos soldados”. **As Chozas** atópase no barrio de A Formiga e fai referencia a un grupo de casas modestas.

Cuadra

Cuadra deriva do latín QUADRA. No dicionario da Real Academia Galega aparece definido como “cada unha das catro vigas horizontais que se asentan sobre os pés do hórreo”, mais pode ser un microtopónimo castelanizado e facer referencia a un lugar sucio ou un lugar onde se meten os cabalos. Ao non estar localizado, non podemos sabermos a súa motivación.

Curral

Curral vén do latín vulgar CURRALE e pode ter diversos significados en galego como “corte para os animais que non se localiza no andar inferior

da vivenda, senón nunha estrutura independente" ou "espazo descuberto e pechado situado fronte á casa, onde se garda o estrume e a leña" (Rodríguez González, 2019: 152). Trátase dun topónimo sen localizar.

Curro

Curro, en latín CURRELLUS, pode facer referencia á antiga existencia no lugar duns pequenos curros ou construcións de pedra circular e descuberta, utilizada para gardar o gando (Cabeza Quiles, 2018: 65). Trátase dun topónimo sen localizar.

Fábrica do Alemán, A (Rande)

Ten orixe nunha fábrica de salgadura inaugurada en 1836 polo catalán Sebastián Carsí. No ano 1945 pasou a estar en mans do alemán Otto Gerdtzen Boyé e baixo o nome Conservas Boyé comezou a súa actividade como conserveira de enlatados. Porén, durante a Segunda Guerra Mundial foi empregado como centro loxístico de aprovisionamento de wolframio a través de submarinos e barcos nazis. A súa actividade rematou en 1955. Grazas á iniciativa da Asociación Cultural e Deportiva de Rande en 2013 pasou a albergar o *Museo Municipal de Meirande* constituíndo un centro de interpretacióna Batalla de Rande e o Patrimonio Cultural de Rande.

Fortóns

Seguramente *Fortóns* sexa un derivado do substantivo *forte* “fortificación”, do latín FÖRTE. Pode ter relación coa existencia dalgún tipo de fortaleza ou sistema defensivo, pero non hai constancia de ningunha edificación deste tipo. Tamén pode ter outra orixe totalmente distinta: un sobrenome ou apelido. É un dos barrios principais da parroquia de Cedeira.

Moimenta

Do latín vulgar MONIMENTUM "monumento", clásico monumentum, a través do seu plural neutro MONIMENTA, saíu o topónimo *Moimenta*, o cal, repetido por toda Galicia, pode facer referencia a monumentos antigos. Ao proceder dun plural neutro, ten que ser to-

pónimo moi antigo, pois o neutro latino desapareceu antes do nacemento do galego. Sería o lugar onde, tras a Batalla de Rande (1702), desembarcaron 600 homes entre ingleses, holandeses e imperiais para dirixirse a saquear Redondela. Este topónimo non está localizado actualmente.

Muíño

A palabra *muíño* vén do latín tardío MÖLĪNU (de MOLERE “moer”) e indica a presenza desta construción na zona. No barrio de Aldea hai un terreo chamado **Os Muíños** no que se localizan tres construcións: **Muíños de Xufre**, **Muíños do Pardo** e **Muíño do Pozo** (deste último só queda o cubo). Os **Muíños do Pardo** son un conxunto de tres muíños de cubo chamados así por ser propiedade de Ramón Francisco Pardo Ferro, nado na Coruña. Membro do Partido Conservador, sería nomeado alcalde de Redondela en catro ocasións, a primeira delas en febreiro de 1872.

No barrio de Eira Pedriña atópanse **O Muíño da Feixa**, **Muíño da Lama** e **Muíño do Maceiras**.



Muíño do Maceiras

No barrio de Rande están o **Muíño da Heirensia**, **Muíño da Lebra**, **Muíño da Rata** (alcume da propietaria), **Muíño de Estrella**, **Muíño do Luriñas** e **Muíño do Tío Lino** ou da **Tía Clara**. A maioría destes muíños atópanse en bo estado e só teñen algúns desperfectos. Todas estas construcións atópanse ao carón do *Río Maior*, que recibe o nome de *Rego das Cabras* no curso alto (e *Río Maior* preto da desembocadura). Este regato serve de linde entre Cedeira e Trasmañó e desemboca na praia de Rande.



Muíño da Heirensia (visto por detrás)

Palleiro

Palleiro é un derivado de *palla*, do latín *PALĒA*, mediante o sufixo *-ARIU*. Estes topónimos non sempre teñen significado fitonímico, senón que tamén poden dar nome a diversos tipos de alpendres ou edificacións. De todos modos, sempre ten relación coa palla, xa sexa para almacenala ou porque se empregaba como cubrición (Navaza, 2006: 396). Neste caso trátase dun microtopónimo sen localizar polo que non se pode saber a realidade á que nomea.

Pazo do Conde de Torrecedeira (Aldea)

Véxase a entrada *Conde de Torrecedeira*

Peirao

O substantivo *peirao* provén do latín *PETRATO* e é un derivado de *pedra*. Un *peirao* é o muro dunha presa feita nun río para reter a auga e desviala cara a un muíño ou cara aos campos que se regaban con ela. No barrio de A Formiga rexístrase o **Peirao da Regasenda** e no barrio de A Portela está **O Peirao** e **Peirao de Gunche**.



O Peirao (A Portela)


Poleira

O substantivo *poleira* aparece descrito no dicionario Estraviz como "Mulher que se dedica à cria ou venda de polos" ou "pola de árvore". Porén, se consideramos que este é o feminino de *poleiro*, con este xénero por facer referencia á construción, entón estaríamos falando do "lugar onde se crían e recollen as aves domésticas". Parece vir do latín *POLLARIA*. Nese lugar puido haber un *poleiro* ou pode tratarse da profesión da dona do terreo, mais ao estar sen localizar non podemos saber a orixe con exactitude.

Ponte da Lama, A (Eira Pedriña)

O substantivo *ponte*, do latín *PONTEM*, está moi presente na toponimia galega. Neste caso temos **A Ponte da Lama** no barrio de Eira Pedriña que fai referencia a unha ponte que une a parroquia de Ce-

deira coa de Quintela cruzando o *Río Maceiras*, que nas inmediacións era chamado Río da Lama e no Catastro de Ensenada aparece como **Río da Ponte da Lama**. Faría referencia ao barro que habería no lugar. Xa en 1699 aparece documentado este topónimo nun memorial de rentas do concello de Redondela como “Ponte da Lama”.



Moi próximo a esta ponte atópanse os terreos **Punta Lama de Arriba** e **Punta Lama de Abaixo**. Estes nomes non gardan relación con outros como *Punta Carballiño*, pois non son porcións de terra que se adentran no mar. Semellan unha variación fonética de *ponte*. Por estas zonas pasa o **Camiño da Punta Lama**, aínda que no nomenclátor municipal figura como **Camiño Fonte da Lama**.

Tamén se atoparon na documentación nomes como **Ponte da Formiga**, **Ponte de Cal**, **Ponte de Rande**, **Ponte del Amo**, **Ponte Pequena** e **Ponte**, pero non están localizados.



A Ponte da Lama

Porta Cedeira (A Portela)

Porta Cedeira sería o lugar de desembarco para achegarse a Cedeira ou pode facer referencia ao acceso a Cedeira dende o porto de A Portela. Segundo Navaza (2007: 52) unha das acepcións dos substantivos *porto* e *porta* (no latín PŎRTU, PŎRTA) é a de “lugar por onde un camiño supera un obstáculo da orografía do terreo ou curso fluvial”. O masculino *porto* aplícase aos chamados portos de río; isto é, os pasos por onde o camiño cruza unha corrente fluvial, sexa mediante unha ponte, unha barca etc. O feminino *porta* pode referirse a diferentes entradas e pasos. Porén, nun documento de 1699 aparece mencionado como “Puerto Cedeira”, polo tanto o feminino *porta* tivo que ser unha adaptación e en orixe o seu significado está relacionado con *porto*.

Con este nome rexístranse **Praia de Porta Cedeira**, **Río de Porta Cedeira** e **Camiño de Porta Cedeira**, todos no barrio de A Portela.

Portal

O substantivo *portal* pode ser unha abertura nunha parede ou finca que permite o paso do carro, mais tamén pode ser unha porta grande que serve de acceso a unha corte, unha casa grande, un lugar ou un pazo. Deriva de *porta*, en latín PORTA.

Documéntanse **Portal**, **Portal Grande**, **Portal Pequeno** e **Portal de Poniente**, pero non están localizados.

Quiñón Debaixo da Poza

O microtopónimo composto **Quiñón Debaixo da Poza** está actualmente sen localizar. Segundo o dicionario da Real Academia Galega, un *quiñón* é a cantidade que corresponde a cada un dos que participan en determinadas reparticións. Este substantivo procede do latín QUIÑŎNE e indica que o terreo foi repartido entre máis persoas. O segundo elemento “debaixo da Poza” indícanos a posición.

Quinta do Cupo

Estes microtopónimos coa palabra *quinta* pódense referir á quinta parte dunha herdade ou a terras aforadas que pagaban a quinta

parte do que producían ao señor ou mosteiro correspondente. De aí o vocábulo *quinta*, igual a "casa con leiras ao seu redor que pagaba de renda unha quinta parte dos froitos" e "terreo cultivable". **Quinta do Cupo** é un topónimo sen localizar polo que non pode saber a súa motivación.

Quintán (Aldea)

Quintán é o resultado no galego occidental da voz latina QUINTĀNA, derivado do numeral QUINTUS “cinco”, un derivado que no latín de Galicia pasou a significar un espazo entre casas. O resultado *quintán* dáse na toponimia naquelas zonas de Galicia onde o feminino de *irmán* é *irmán* e non *irmá*. Nas zonas onde o feminino é *irmá* o resultado é *Quintá*. No barrio de Aldea atópanse dous terreos chamados **Quintán** e **Quintán de Abaixo**. Ao carón deste último sitúase a **Fonte de Quintán** e por entre eles pasa o **Río de Quintán**.

Taberna Nova, A (Aldea)

A **Taberna Nova** fai referencia a un lugar do barrio de Aldea. Seguramente este nome estea motivado por un negocio que existiu na zona.

Tasca de Pilarita (Rande)

Tasca de Pilarita é un nome dun antigo bar do barrio de Rande.

Telleira

Os topónimos **Telleira** e **Telleiro do Abad** son un derivado de *tella* (do latín TEGULA) e probablemente fagan referencia á industria do barro para a construción ou á arte dos cavaqueiros (Carrasco e Navaza, 2014: 149). Porén, estes non están localizados actualmente.

Os topónimos con esta forma son moi abundantes no territorio galego, así o Nomenclátor de Galicia recolle 25 lugares chamados (A) Telleira.

Tenda de Penís, A (A Portela)

A **Tenda de Penís** é o nome dunha tenda situada no barrio de A Portela. *Penís* provén do apelido Pení.

Xufreira, A (Rande)

A **Xufreira** é unha antiga fábrica de xofre localizada na costa do barrio de Rande. O xofre (do latín SULPHŪRE) é un elemento non metálico que se emprega na fabricación do ácido sulfúrico e os sulfatos.

7. Haxiotopónimos*

Abadesa (O Cruceiro)

Estamos ante o feminino de *abade*, procede do latín *ABBATE* e este do arameo *abba* “pai”, pasando polo grego. Os topónimos co nome *abadesa* adoitan referirse a algunha relación do lugar con algunha das abadesas dos mosteiros femininos que existiron na zona. O nome **Abadesa** da parroquia de Cedeira atópase no barrio de O Cruceiro.

No Nomenclátor de Galicia só se recollen topónimos coas formas masculinas *Abade* ou *Abades*. O concello lucense de *Abadín* tamén sería un derivado desta forma.

Ángel de Simón

Ángel é un castelanismo que provén do latín tardío *ANGĒLUS*, e este do grego ἄγγελος *ángelos*, que significa propiamente "mensaxeiro". A segunda parte pode estar relacionada coa Illa de San Simón. San Simón (século V) foi un asceta sirio do que se conta que, para facer aínda máis penitencia, decidiu pasar o resto da súa vida na parte superior dunha columna na cal non se podía sentar nin deitarse; ao parecer así pasou 37 anos.

* Topónimos que fan referencia aos santos e aos cultos relixiosos.

É un microtopónimo que na actualidade non está localizado.

Cristo da Murada, O (Rande)

O Cristo da Murada é un cruceiro que se atopa no barrio de Rande. Antigamente, este cruceiro estaba situado enriba do muro até que se ensanchou a estrada. Na base do cruceiro aparece unha lenda que di “...POR LO QUE MANDARON PONER ESTA YNSINIA D. ITACIO GONZALES Y CONSORTE COMO HEREDEROS SUYOS”. O cruceiro aparece no Inventario Municipal de Redondela como feito no 1800 e foi erixido polo accidente dun carruaxe no que viaxaba un cura.

Cruceiro, O (O Cruceiro)

O Cruceiro é un nome derivado de *cruz* (ver *Cruz, A*) mediante o sufixo *-eiro*. Trátase dun dos barrios principais da parroquia de Cedeira, aínda que tamén dá nome a unha entidade de poboación dentro deste mesmo barrio. A orixe deste nome refírese ao propio monumento patrimonial de pedra que se poñía en lugares singulares (encrucilladas, beira dos camiños). No caso redondelán, **O Cruceiro** contén un conxunto relixioso (fonte e peto de ánimas) a carón da igrexa (situada tamén neste barrio). Esta igrexa ten unha fachada deseñada polo arquitecto Fernando de Casas Nóvoa, o mesmo que creou a fachada da Catedral de Santiago de Compostela.

Cruz, A

Segundo Navaza (2007: 53) os substantivos *cruz* (do latín CRUX, CRUCIS) e *cruceiro* están moi presentes na toponimia, aínda que nalgúns casos non é fácil saber con precisión a motivación e o significado orixinarios dos topónimos que os conteñen, xa que unhas veces aluden a unha cruz erixida no lugar, de pedra ou doutro material, con intención relixiosa, e outras veces a unha encrucillada viaria. Como era habitual erguer os cruceiros nas encrucilladas dos camiños, ambos os significados van unidos con frecuencia. Na parroquia de Cedeira tópanse dous topónimos **A Cruz**, un no barrio de Aldea e outro no barrio de A Formiga.

Dios de Abaixo (A Formiga)

Topónimo menor de nome transparente que fai referencia a un terreo. *Dios* é unha forma castelanizada pois o correcto sería *Deus*, pero a forma en castelán xa foi introducida na época do Renacemento e hoxe en día atópase moi viva no galego.

Igrexario, O (O Cruceiro)

Igrexa, do latín vulgar ECCLESIA “assemblea, reunión de fieis”. Refírese á igrexa, centro de reunión dos fregueses á hora da misa. Neste caso estamos ante un derivado, *Igrexario*. Como curiosidade, as evolucións patrimoniais galegas comúns a partir de ECCLESIA son, con ou sen artigo, *Eirexa*, *Eirexe*, *Irexe*, *Irexa*, *Grixa*, *Airexa*, *Airexe*, comúns na toponimia galega. **O Igrexario** é o lugar do barrio de O Cruceiro onde está a *Igrexa parroquial de San Andrés de Cedeira* e terreos que lle pertencen ou pertenceron.

San Pedro

San Pedro é un microtopónimo rexistrado na documentación que non está localizado. *Pedro* vén do latín PETRUS, forma masculina de PETRA "pedra, rocha". No arameo era chamado *Kefas*, que pasou a *Petros* na tradución grega e *Petra* na latina; posteriormente estimouse oportuno masculinizar o nome en Petrus. Este nome deu lugar ao apelido *Pérez*.

Segundo a *Guía de nomes galegos* (Boullón Agrelo), San Pedro era un pescador e, xunto co seu irmán André, foi o primeiro dos doce apóstolos de Cristo. Chamábase Simón, e Xesús cambioulle o nome a Pedro. Tras a desaparición do seu mestre viviu en Xerusalén ata que o prendeu Herodes Agripa. Posteriormente, marchou á capital do Imperio, Roma, onde se converteu no seu primeiro bispo. De novo preso, Nerón mandouno crucificar nun lugar onde despois se erguería a igrexa de San Pedro do Vaticano, pois tamén se considera o primeiro papa da Igrexa católica.

8. Zootopónimos*

Can Branca (Rande)

Topónimo menor formado polo substantivo *can* e o adxectivo *branca*. *Can*, do latín CANIS, tamén foi nome persoal. Cabe a posibilidade de que deban a súa orixe ao niño ou acubillo dun *can*, mais tamén poden ser alteracións, por etimoloxía popular, dalgún topónimo anterior. Outra posibilidade é que *can* se refira a canle, En canto ao adxectivo *branca*, este é un adxectivo xermánico *blank* “branco, brillante”, introducido no latín dende época temperá. Este topónimo atópase no barrio de Rande.

Can do Coto, O (A Formiga)

O *Can do Coto* é un nome composto polo substantivo *can* (ver *Can Branca*) e o substantivo *coto*. *Coto* fai referencia á voz común *coto* “parte máis alta dun monte, que ten forma cónica” (diccionario da Real Academia Galega). *Coto* provén dunha base prerromana *COTT “prominencia, altura”, que nalgúns casos é empregada para crear topónimos en tempos posteriores coa palabra de substrato *coto* “altura”, dende o latín ou mesmo dende o galego. Porén, neste caso non parece que teña moito que ver coa altura, pois o terreo ao que se refire está case ao nivel do mar. **O Can do Coto** atópase no barrio de A Formiga.

* Topónimos que fan referencia á fauna.

Caramuxo, O (Fortóns)

A acepción máis común do substantivo *caramuxo* é a que nomea certo molusco de mar, en forma de caracol, coñecido noutras áreas galegas como *mincha* ou *bígaro*. En castelán, ademais desta acepción, o substantivo *caramujo* designa os froitos da *zarza perruna* (en galego *silva macha*, especie de roseira brava). Pero é posible que a presenza da forma *caramuxo* na toponimia non se deba a ningún destes significados (Carrasco e Navaza, 2014: 64). No barrio de Fortóns atópase **O Caramuxo**, un terreo dunha grande extensión que no seu interior alberga a **Poza do Caramuxo** e o **Camiño do Caramuxo**.

No Nomenclátor de Galicia figura unha única entidade de poboación chamada *O Caramuxo* en Vigo.

Chicharra, A (A Formiga)

Chicharra aparece definido no dicionario da Real Academia Galega como “insecto da orde dos ortópteros de cor verde ou tirando a verde, duns catro centímetros de longo, ollos saíntes, patas posteriores moi longas e ás moi curtas de cor dourada coas que emite un son”. Pode ser que no terreo ao que alude haxa moitos destes insectos que se escoiten cantar. **A Chicharra**, **Camiño da Chicharra** e **Praia da Chicharra** rexístranse no barrio de A Formiga.

Chilro

Este é un microtopónimo que fai referencia ao son que emiten as aves. A forma chilro aparece nos dicionarios portugueses definida como “voz aguda e gorjeada das aves; conjunto de pios ou pipilos”. No dicionario da Real Academia Galega aparece a forma chillar co mesmo significado. Actualmente non está localizado.

Formiga, A (A Formiga)

A Formiga é un dos barrios principais da parroquia de Cedeira. A etimoloxía deste nome resulta evidente, pois provén do substantivo *formiga*, do latín FORMICA. A motivación deste nome é máis problemática de saber e se non é por un sobrenome persoal, seguramente nacería como metáfora relativa ao pequeno tamaño dunha propiedade.

Neste mesmo barrio, tamén se atopan **A Formiga de Arriba** e **A Formiga de Abaixo** que fan referencia a dous lugares. Ademais, rexístrase un galeón chamado **Formiga**.

Grila, A (Aldea)

Topónimo transparente formado polo substantivo *grilo*, do latín GRYLLUM. É un “insecto da orde dos ortópteros, saltador, duns tres centímetros de tamaño e de cor negra, que se caracteriza porque o macho produce un son monótono ao fretar os élitros” (diccionario da Real Academia Galega). No barrio de Aldea atópase **A Grila, Fonte da Grila e Camiño das Grilas**.

Macarela, A (O Cruceiro)

Macarela é un nome de peixe, coñecido tamén como *xarda*, polo que podería ser un alcume da persoa propietaria do terreo. **A Macarela** atópase no barrio de O Cruceiro, onde tamén está o **Camiño da Macarela**.

Moscalleira, A (A Portela)

A Moscalleira é un derivado de *mosca*, do latín MUSCA. Semella que o nome está motivado pola abundancia de moscas no lugar. É un terreo parcialmente ocupado pola estación de tren situado no barrio de A Portela. Pola contra, non podemos descartar que veña do latín vulgar MOSSICARE (morder), en referencia a unha mordedura no terreo. Un caso singular é a praia das Moscas, na illa de Onza (arquipélago das Ons), que seguramente teña a orixe nesta acepción.

Muxilón do Oeste

Muxilón pode ser unha palabra dialectal derivada de mexillón, do latín tardío *muscelliōne*. Neste caso rexístrase o composto **Muxilón do Oeste**, mais non está localizado.

Pega, A (O Cruceiro)

O máis probable é que este topónimo faga referencia ao paxaro de igual nome, *pega* (do latín PICAM). A partir deste nome tamén se

creou o alcume que, nalgúns casos, derivou nun topónimo, o que pode que sexa a orixe da denominación deste terreo situado no barrio de O Cruceiro.

Vacaloura, A (A Formiga)

A **Vacaloura** é o nome galego dun insecto, chamado tamén *escornabois*, *cornetán* etc. Formouse a nivel popular sobre o latín VACCALOURA. Pode facer referencia ao alcume da persoa propietaria dos terreos situados no barrio de A Formiga.

Virvirigueira, A (Fortóns)

A **Virvirigueira** pode ser un derivado de *berbigueira*. Edelmiro Bascuas dá como posible que *berbigueira* sexa un hidrotónimo prerromano relacionado co elemento auga a partir da raíz indoeuropea **bher-* “fluír, brotar”, aínda que pensa que é máis probable que derive da voz medieval BERBECARIUS, procedente do latín *bervex, icis* “carneiro castrado”. Dende esta perspectiva o topónimo sería un abundancial deste animal (Cabeza Quiles, 2018: 34).

9. Antropónimos*

A+ de (+ artigo) + nome

Os topónimos que se compoñen de *a de* (artigo + preposición), *a do/a* (artigo + contracción de preposición + artigo) fan mención aos propietarios das parcelas, ben sexa polo seu nome, apelido, alcume, profesión, hipocorístico ou sobrenome.

Na parroquia de Cedeira existen numerosos topónimos deste tipo. No barrio de Aldea atópanse **A da Capadora, A de Amaro, A do Chisco e A dos Postes**; no barrio de O Cruceiro están **A da Gándara, A de Marta, A de Torrado e A do Rego**; no barrio de Eira Pedriña atópase **A do Lopes**; no barrio de A Formiga están **A de Crespo, A de Estaquia, A de María do Almacén, A de Moreira e A do Bravo**; no barrio de Fortóns están **A da Chilena, A da Marta, A da Pataca, A de Rosaria, A de Viñal, A de Xepe, A do Basilio, A do Pateiro e A do Vigués**. No barrio de A Portela están **A de Gándara e A de María Arango** e no barrio de Rande está **A de Sendina, A do Cu de Vaca e A do Fondo do Papa**.

* Topónimos que fan referencia a nomes de propietario ou de posesor. Tamén aparecen os topónimos relacionados con oficios, xa que se pensa que teñen unha relación antroponímica.

Por outra banda, é preciso engadir algúns microtopónimos que aparecen recollidos nalgúns documentos antigos mais que hoxe non se localizan. Por exemplo: **A da Xuxa, A das Canas, A de Ángela, A de Balbina, A de Feliciano, A de Mangas, A de Vázquez, A de Ventura e A do Cazapo.**

Adoración

Do latín ADORATIO "adoración", nome común que por ser de xénero feminino se volveu nome propio de muller. Na *Guía de nomes galegos* (Boullón Agrelo) podemos ver que é un nome que fai referencia á adoración dos Magos de Oriente ao neno Xesús no portal de Belén, segundo unha antiga lenda cristiá. Así pois, probablemente se refira ao nome da propietaria do terreo, mais está sen localizar.

Aparicio

Aparicio é un nome sen localizar que pode estar relacionado co propietario do terreo. Vén do latín APPARITIO "aparición". Este nome ten a súa orixe nas diversas "aparicións" milagrosas da Virxe, dos anxos e dos santos.

Brandariz (A Formiga)

Este nome fai referencia a un antigo poseedor das terras, Brandarico ou Branderico. É un nome de orixe xermánica, moi común na Idade Media e logo en desuso, constituído polas raíces *BRAND(A)- "espada, fulgor" e -RIK "forte, poderoso".

En Galicia hai tres aldeas chamadas *Brandariz* nos concellos de Ortigueira, Tordoia e Vila de Cruces, onde tamén hai unha parroquia do mesmo nome. Hoxe, algo máis de mil persoas levan este apelido en Galicia.

Bergantiña (A Portela)

O nome de **Bergantiña** pode facer referencia ao alcume que tiña a persoa propietaria da terra. Neste caso sería lóxico que a persoa fora da comarca de Bergantiños ou do concello de Cabana de Bergantiños. Estaríamos ante un derivado mediante o sufixo -INA, con valor de xen-

tilicio: BRIGANTINA > Bergantiña. Parece que metade do terreo pertence á parroquia de Cedeira e a outra metade á parroquia de Redondela.

Na documentación tamén se atopa o nome **Bergantiños**, mais non está localizado actualmente. Conta con vacilacións na escrita pois aparece en diversos documentos con e con <v>.

De + nome

Os microtopónimos formados pola preposición *de* e un nome poderían facer referencia ás persoas propietarias dos terreos, ben sexa mediante nomes, apelidos ou alcumes. O primeiro elemento perderíase: (terra) **Da Chumbeira, De Costas, De Sandalina e De Villar, Do Calvo, Do Muíño, Do Turro, Dorrío, Dos Bancales, Dos Canos e Dos Cregos**. Estes non están localizados actualmente.

Doña Theresa

O microtopónimo *Doña Theresa* está castelanizado. A forma en galego sería *Dona Tareixa*, mais actualmente non está localizado e só aparece na documentación.

Teresa, en galego *Tareixa*, parecía ter orixe grega: do nome *Tarasios*, *Tarasía*, relacionado co do mítico adiviño *Tiresias*, ou de certos topónimos, como o nome da illa exea *Thera* ou *Therasia*. Porén, esta procedencia é moi improbable porque este nome feminino tivo unha gran difusión no norte da Península Ibérica desde épocas moi recuadas. Documentábase desde o século IV e desde aquela difundíuse polo uso repetido entre raíñas da dinastía galega-asturleonesa; está moi testemuñado como Tareija ou Tereija na documentación medieval galega. Trátase, entón, dun nome hispánico, quizais de orixe céltica, en relación cun topónimo Tereses (Boullón Agrelo, *Guía de nomes galegos*).

Escribanos (A Portela)

O máis probable é que este microtopónimo faga referencia ao oficio do seu posuídor: un *Escribano*, do latín tardío SCRIBA,-ANIS. Por tanto os terreos poden designar a propiedade dun escribán. Na zona distínguense **Escribanos de Arriba e Escribanos de Abaixo**. En orixe sería un único terreo.

Friáns (Eira Pedriña)

Friáns é un antropónimo de orixe xermánica formado pola voz gótica FRAUJA- “señor” (HGN). Segundo Nicandro Ares, os topónimos con *Friáns* deberon ser inicialmente unha *Villa Froianes*, é dicir, unha Vila do Señor. **Friáns de Arriba** e **Friáns de Abaixo** son dous terreos que se atopan no barrio de Eira Pedriña e que poden facer referencia ao propietario desas terras. Ao carón de **Friáns de Abaixo** pasa o **Río de Friáns**.

Galeana, A (Fortóns)

Este topónimo é unha variación do apelido *Galiana*, igual que *Galeano* é unha variación de *Galiano*. Este procede do nome persoal latino GALLIANUS que significa “Da Galia”. Por tanto, este terreo é propiedade dunha persoa apelidada Galeana.

Juan

Juan, en galego *Xoán*, procede do hebreo *Yohanan* composto por Yoh ou Yah, abreviatura de Yahweh "Deus", e hanan (a mesma forma que deu orixe ao feminino Ana) "misericordia": "Deus é misericordioso". Pasou ao grego como Ioánnes e ao latín como Iohannes e, máis popular, Ioannes. Posiblemente sexa este, con María, un dos nomes con máis vitalidade nos últimos dous mil anos, non só en Galicia senón en todo o mundo occidental (Boullón Agrelo, *Guía de nomes galegos*). Neste caso rexístranse na documentación dous lugares que probablemente fagan referencia aos propietarios dos terreos: *Juan Alonso de Coira* e *Juan de Monte*.

Landina, A (A Formiga)

Landina pode ser o feminino de *landín*, un nome gótico de poseor procedente de Nandinus (HGN). Coma en *laranxa*, o *n-* inicial do nome gótico disimilou nun *l-*. Pode tratarse do nome da propietaria do terreo situado no barrio de A Formiga.

Luisa

O microtopónimo **Luisa** está sen localizar na parroquia de Ceadeira, mais podería facer referencia á persoa propietaria do terreo.

O nome Luísa vén dun nome franco que chegou á península por vía occitana ou francesa. Procede dun orixinario *Hlodwig* ou *Hlodowig*, composto de *hlod* "gloria" e o gótico **weig* "loita, batalla", latinizado como Ludovicus. Na Galicia medieval atéstanse tanto Lois como Luis, posiblemente acentuados na segunda sílaba. A forma *Lois*, na cal houbo un desprazamento acentual, é un dos nomes que subsistiu como apelido (Boullón Agrelo, *Guía de nomes galegos*).

María

O microtopónimo **María** está sen localizar na parroquia de Cedeira, mais tamén podería facer referencia á persoa propietaria do terreo. Vén do hebreo *Maryam* (recentemente Miriam), adaptado ao grego como *Mariám* ou *María* e ao latín como Maria. Con todo, a orixe do nome non está en Israel, senón no Exipto dos faraóns: no exipcio antigo existía o verbo *mrj* "amar" e nomes de persoa como *mrj-umn* "amado do deus Amón". Tamén se pode pensar nun nome composto do exipcio *mrj(t)* "amada", co sufixo feminino hebreo -am (Boullón Agrelo, *Guía de nomes galegos*).

Marica, A (Aldea)

Hipocorístico de María. **A Marica** faría referencia á persoa propietaria deste terreo situado no barrio de Aldea.

Mexide (A Portela)

Podería tratarse dun nome gótico de posesor, MAXIMUS, con mudanza de sufixo. En documentos medievais aparecen as formas MAXITUS e MAXIDUS. Os topónimos que se forman a partir de MAXITUS confúndense facilmente co xenitivo de (D)AMASCETUM "ameixedo" que fai referencia á árbore coñecida como ameixeira. Deste xeito, non se sabe cal pode ser a motivación para **Mexide de Abaixo** e **Mexide de Arriba**, situados no barrio de A Portela, aínda que probablemente estean relacionados coa segunda hipótese.

Migalleiro, O (O Cruceiro)

Poderíamos estar ante o alcume da persoa propietaria do terreo. *Migalleiro* é, segundo o dicionario da Real Academia Galega, unha

persoa apegada en exceso ao diñeiro, remisa a dar e gastar. **O Migalleiro** sitúase no barrio de O Cruceiro.

Muiñeira, A (A Portela)

Muiñeira é un derivado do substantivo *muíño* do latín *MÖLĪNU* e indica a presenza desta construción na zona. Neste caso podería ser un alcume que faría referencia ao oficio da persoa que ocupa o muíño.

Nicol

Nicol é a forma apocopada de *Nicole*, nome feminino francés de *Nicolás*. Este vén do nome persoal grego *Nikólaos* "vencedor entre o pobo", do verbo *nikân* "vencer" e laós "pobo". Pasou ao latín como *Nicolaus*. En Cedeira hai varios topónimos con este nome como *A Couta de Nicol* ou o *Lugar da Nicola*. Pola contra, *Nicol* é un microtopónimo sen localizar.

Pedro Lamas (Fortóns)

Pedro vén do latín *PETRUS*, forma masculina de *PETRA* "pedra, rocha". No arameo era chamado *Kefas*, que pasou a *Petros* na tradución grega e *Petra* na latina; posteriormente estimouse oportuno masculinizar o nome en *Petrus*. Este nome deu lugar ao apelido *Pérez*. Na parroquia de Cedeira rexístrase *Pedro Lamas*, un terreo do barrio de *Fortóns* que pode facer referencia ao propietario.

Plateira, A (A Portela)

O máis probable é que se trate dun antropónimo simplificado que designa o terreo propiedade de alguén apelidado *Plata*.

Portuguesa, A (Fortóns)

Este microtopónimo nomea a orixe da persoa propietaria do terreo: *Portugal*. Atópase no barrio de *Fortóns*.

Rainiña, A (A Formiga)

O máis probable é que este microtopónimo sexa un diminutivo de alguén alcumado *Raiña*, á cal se lle engadiu a forma *-in-* como resultado dun proceso fonético.

Rande

Rande é un dos barrios principais da parroquia de Cedeira e procede dun nome de persoa medieval (antropónimo), neste caso de orixe xermánica: *Randi* (xenitivo de *Randus*) (HGN). Polo tanto, **Rande** provén do nome do antigo posuídor destas terras, chamado *Randus*. No Catastro de Ensenada (1750-1754) xa aparece este nome como un dos límites da parroquia de Cedeira.

No estreito de Rande tivo lugar a famosa A Batalla de Rande en 1702, cando as tropas hispano-francesas sucumbiron ás forzas anglo-holandesas nunha batalla naval de considerables dimensións, ao que hai que sumarlle o posterior saqueo da zona.



Imaxe tomada no exterior do *Museo Meirande*.

Regasenda, A (A Formiga)

Trátase dun microtopónimo de orixe xermánica formado polo antropónimo *Reco* e *Sende*, que se alteraría en *Senda*. Con respecto a este segundo elemento procede de *-SINDUS* (en caso xenitivo –

SINDI) co sentido de “camiño, marcha”. En documentación medieval atopamos o nome *Recosindus*, como se le en *Catalunya carolíngia*, de Ramón de Abadal y Vinyals. En definitiva, o microtopónimo vén dicirnos que esta terra era propiedade dun tal *Recosindus*. Na mesma zona encontrámonos con **Camiño da Regasenda, Praia da Regasenda e Peirao da Regasenda**.

Debemos advertir, tamén, que se sitúa preto de Rande, outro antropónimo de orixe xermánica (véxase a entrada correspondente).

Riande (A Portela)

Riande segundo Nicandro Ares (2013: 1112) debeu ser o xenitivo dun antropónimo, pero talvez gótico, coma *Rande* (HGN 217/5a) ou “Río de Nande” (HGN 191/10).

Roque Pequeno, O (Fortóns)

Roque, podería pensarse que ten relación co persoal “*Roque*, do occitano *Roch*, latinizado en *Rochus* ou *Rocus*, e este probablemente do xermánico *Hroc ...” (citado en Ares Vázquez, 2013: 1166). Tamén podería pensarse que garda relación coa voz común *rocha*, *roca*. Neste caso ao aparecer modificado polo adxectivo *pequeno* pode ser que se refira a unha rocha dese tamaño. **O Roque Pequeno** atópase no barrio de Fortóns.

San Pote (Eira Pedriña)

Este microtopónimo podería ser unha alteración de *Xan* canda o alcume *Pote*.

Santiguessa, A (Eira Pedriña)

Este microtopónimo nomea a orixe da persoa propietaria do terreo: Santiago. Atópase no barrio de Eira Pedriña.

Vázquez do Sur

Vázquez é un apelido de orixe patronímica formado a partir do antigo nome persoal *Vasco*, forma galega correspondente ao latín medieval *velascus*. Mentres outros apelidos patronímicos como Rodrí-

guez, González, Ramírez etc., son idénticos en galego e en castelán, Vázquez é apelido exclusivamente galego (a forma correspondente en castelán é Velázquez) e un dos dez apelidos máis frecuentes no noso territorio: 499 persoas en Redondela téñeno.

Neste caso rexístrase o topónimo menor **Vázquez do Sur**, pero non está localizado, polo que é difícil sabermos se a súa motivación procede dun propietario.

Viscaíña

O microtopónimo **Viscaíña** fai referencia ao xentilicio da persoa natural de Biscaia. Polo tanto, pode referirse á persoa propietaria do terreo, aínda que actualmente non está localizado e só aparece na documentación.

Xulián

O topónimo menor **Xulián** pode facer referencia ao propietario do terreo, pero actualmente non está localizado. *Xulián* é un cultismo de Xián, do latín IULIANUS, que era un nome moi frecuente, derivado do xentilicio iulius (de onde procede Xulio).

10. Outros

Abaixo de + nome

Estes nomes informan da localización na que se atopa o lugar. Na documentación aparecen topónimos como **Abaixo do Rego dos Loureiros**, que indica que o terreo ao que fai referencia está por debaixo do *Rego dos Loureiros*, e tamén **Abajo del Molino**, nome totalmente castelanizado que indica que ao que fai referencia está por debaixo dun muíño, moi comúns nesta zona. Cómpre mercionarmos que actualmente non están localizados na parroquia.

Arcal

Nome derivado en -ALE, a partir do termo latino ARCA "cofre, caixa", que compón o termo **Arcal**. Non foi posible localizar este topónimo actualmente.

Arxón

Arxón é un substantivo galego común que significa "estaca" e designa o pau empregado na agricultura para guiar ou endereitar o pé dunha planta (Navaza, 2007b: 45). Trátase dun microtopónimo sen localizar.

Ballota, A (A Portela)

Para Cabeza Quiles (2020: 31), **Ballota** é un topónimo difícil para o cal non hai unha explicación segura. Podería referirse a unha pequena propiedade agrícola dunha persoa apelidada ou alcumada (*O Ballote*, nome que se lle puido aplicar a alguén que por estar especialmente gordo e fose comparado cun *ballote*, bolo de fariña de millo tamén chamado bolo do pote por cocerse no caldo. A este respecto, hai unhas casas de turismo rural situadas a carón da vila coruñesa de Rianxo denominadas *dos Ballotes*, alcume da familia que as rexenta, que tamén podería referirse á palabra *ballote* co significado de “hombre pobre, de poco haber [...], de mal gobierno”, dado por Juan Sobreira Salgado e recollido no Dicionario de Dicionarios.

Outra posibilidade sería que **Ballota** fose un derivado do nome persoal feminino *Baia* ou *Balla* (*Eulalia*), como *Marcote* deriva de *Marcus* e *Marnote* de *Marinus*. Tamén cabería a posibilidade de que **Ballota** agochase unha alteración do topónimo *Pallota*, frecuente no Nomenclátor de Galicia, que designa un antigo alpendre ou construción rústica para gardar o carro e aveños de labranza.

Este topónimo non aparece nin no dicionario de Madoz (1845) nin no de Carré Aldao (ca. 1928). No Nomenclátor aparece por primeira vez no ano 1930 como *Bellota*, forma errada por influxo do castelán que aínda persiste en 1991.

A **Ballota** da parroquia de Cedeira atópase no barrio de A Portela e os veciños na pronuncia refírense a ela como *A Bellota*. Tamén se rexistran o **Lavadoiro da Ballota**, **A Fonte da Ballota** e o **Camiño da Ballota**.

Bandeira, A (A Formiga)

A **Bandeira** é o feminino derivado do gótico *bandwo* “signo, estandarte”. Atópase no barrio de A Formiga, onde tamén se rexistran **Fonte da Bandeira** e **Lavadoiro da Bandeira**. O Nomenclátor de Galicia indica que hai catro lugares chamados *A Bandeira*, un en Gondomar, outro en Meis, en Tomiño e en Silleda.

Cabeceira

O nome *cabeceira* pode ser un derivado de *cabeza*, do latín CAPUT. Na parroquia de Cedeira rexistráronse **Cabeceira do Eido** e **Cabeceira Leira Grande**, que indican unha zona situada ao principio. Con todo, non é posible sabérmolo con exactitude porque non están localizados actualmente.

Cabo de Casa

A palabra *cabo* deriva do latín CAPUT "cabeza, extremo", referido a un campo indica que se atopa ao final dun camiño ou nas aforas dunha poboación. Neste caso rexistrouse **Cabo de Casa**, pero non está localizado na actualidade.

Campana

Campana vén do latín CAMPANA. Este topónimo só se rexistra en Portugal onde, se non é un castelanismo, podería pensarse nun derivado de CAMPU cun sufixo -ANNA. En territorio galego rexístranse sobre todo as formas A *Campaíña* na Gudiña ou en Trasmirás ou a forma castelá *Campanilla* en Cenlle.

Cancela do Frade

O substantivo *cancela* (do latín CANCELLA), "porta rústica de táboas ou paus que dá paso a unha herdade", é moi común na toponimia galega. Neste caso, rexistrouse o nome composto *Cancela do Frade*, mais non se pode localizar na actualidade.

Carbón Queimado

Coma outros moitos topónimos galegos que conteñen o substantivo *carbón* ou os derivados *carboeiro* e *carboeira*, debeu de designar en orixe o lugar onde se elaboraba carbón vexetal (Navaza, 2007a: 141). Este topónimo sen localizar está composto polo substantivo *carbón* e o adxectivo *queimado*, que vén do latín vulgar *caimare, variante do clásico CRĒMARE.

Cascoña

Cascoña vén dunha forma feminina en latín *CASCONIA*. Trátase dun nome de posesor que non está localizado e tampouco se rexistra no Nomenclátor de Galicia, senón que é máis frecuente en terras do outro lado do río Miño. Así, rexístrase Casconha en Coimbra e Paredes, entre outros.

Cerrado da Cancela, O (A Formiga)

Este topónimo está composto polos substantivos *cerrado* e *cancela* (para o primeiro elemento ver a entrada *Cerrado, O*). O segundo elemento é o substantivo *cancela* (do latín *CANCELLA*) “porta rústica de táboas ou paus que dá paso a unha herdade”, que é moi común na toponimia galega. O nomenclátor de Galicia recolle cerca de cincuenta entidades de poboación que conteñen este nome (Navaza, 2007: 128). **O Cerrado da Cancela** atópase no barrio de *A Formiga*.

Cerrado, O (Aldea)

Cerrado vén do latín tardío *SERARE*, derivado de *SERA* “pechadura”. O feito de que teña un -rr- débese a unha confusión con *serrar*, do latín *SERRARE*. No dicionario da Real Academia Galega aparece definido como “terreo pechado cunha construción deste tipo”. **O Cerrado** atópase no barrio de Aldea.

No barrio de Rande tamén se recolle **Serro**, que podería estar modificado polo uso do seseo propio desta zona.

Conde de Torrecedeira (Aldea)

É o nome que se lle dá ás terras nas que se sitúa o **Pazo do Conde de Torrecedeira**, no barrio de Aldea. O Conde de Torrecedeira é un título nobiliario concedido pola raíña rexente María Cristina de Habsburgo-Lorena en 1891 a Manuel Bárcena Franco, que foi alcalde de Vigo. O Pazo pertence aos descendentes do segundo conde, Manuel Bárcena Andrés.



Porta do Pazo do Conde de Torrecedeira.

O interior do pazo foi escenario de diferentes películas como *A noiva de medianoite* (1997) de Antonio F. Simón ou *A Promesa* (2003), dirixida por Héctor Carré.

Cordón

O substantivo *cordón* aparece definido polo dicionario da Real Academia Galega como unha corda delgada, de material fino, utilizada como adorno ou para cinguir ou atar certas cousas. Esta palabra vén do francés *cordón* e esta do latín *CHORDA*. Trátase un microtopónimo que só aparece na documentación e que está sen localizar.

Cornello, O (Eira Pedriña)

Sobre este microtopónimo Boullón Agreló (1999: 177) sinala que *Cornello* pode derivar de *cornó*. Por outro lado, Kremer non considera que veña do nome latino *Cornelius*, senón que pode remitir a un

alcume. Tamén indica que no galego *cornello* significa “parásito nas flores do centeo” e viría do latín *corniculum* “corno”. O Nomenclátor de Galicia recolle o lugar *Cornello* no concello de Abadín. **O Cornello** da parroquia de Cedeira atópase no barrio de Eira Pedriña.

Cornello do Camiño da Fonte

Sobre este microtopónimo Boullón Agrelo (1999: 177) sinala que *Cornello* pode derivar de *cornu*. Por outro lado, Kremer non considera que veña do nome latino *Cornelius*, senón que pode remitir a un alcume. Tamén indica que no galego *cornello* significa “parásito nas flores do centeo” e viría do latín *CORNICULUM* “corno”.

Neste caso rexístrase na documentación **Cornello do Camiño da Fonte**, non está localizado mais podería facer referencia a un recuncho dese camiño que remata estreitándose coma un corno.

Cribeiros, Os (Aldea)

Coa voz *cribeiros* faise referencia ás persoas que venden cribas ou cribos. A criba é un “instrumento formado por unha caixa circular cun fondo de coiro con furados ou cunha rede de metal de malla máis ou menos fina, que se emprega para cribar certas sementes, como o trigo, chícharos, millo, fabas etc., limpándoas daquelas partículas máis grosas que interesa separar” (diccionario da Real Academia Galega). No barrio de Aldea rexístrase o nome **Os Cribeiros de Adentro** e **Os Cribeiros de Afora**. Ao carón destes terreos pasa o **Camiño dos Cribeiros**, que no Nomenclátor aparece como Camiño da Pereiriña.

Debaixo da Ventana (Fortóns)

Topónimo menor de nome transparente do barrio de Fortóns que fai referencia a unha zona que se atopa ao carón dunha casa. Pode ser que reciba este nome porque está xusto debaixo da xanela da casa. De todos modos, *ventana* é un castelanismo e a forma correcta sería *ventá* ou *xanela*.

Debaixo de + nome

Debaixo vén do latín vulgar *de* + *bassu* “gordo e pouco alto”, estes microtopónimos indican unha posición relativa a outro lugar. Así,

na documentación antiga aparecen **Debaixo da M., Debajo casa de Carmen Cereijo, Debajo de la Poza e Debajo del Puente**. Nomes que están sen localizar e que estaban castellanizados no texto escrito.

Detrás de + nome

Os microtopónimos formados polo adverbio *detrás* indican posición. Na documentación da parroquia rexístranse nomes como **Detrás da Casa, Detrás da Casa Vella, Detrás da Caseta da Vía, Detrás de la casa José Acuña, Detrás del Río, Detrás do Campo Santo, Detrás do Lagar, Detrás do Monte e Detrás do Muíño**.

Dona dos Lagos (Aldea)

Estamos ante un topónimo transparente, do barrio de Aldea. O primeiro elemento, *Dona*, vén do latín *DOMĪNU* e indica posesión. Neste caso o nome fai referencia a unha pequena porción de terreo. *Lagos*, plural do substantivo *lago*, vén do latín *LACUS*.

Douradas, As (Fortóns)

Pode referirse á cor do cultivo, probablemente un campo de trigo.

Encima do Túnel (A Portela)

O substantivo *cima* vén do latín *CYMA* e antes do grego *κῶμα* “onda, brote”, pero aquí está unido a unha preposición para formar un adverbio de lugar: *encima*. Do francés antigo *tonel* (latín tardío *TŪNNA*) procede o inglés *tunnel* “tonel”, “cano subterráneo”, “túnel”, termo técnico que entra modernamente en castelán. Véxase a entrada *Sobreiro*. Tamén se rexistra *Túnel* na documentación antiga, mais non está localizado e podería ter relación con este microtopónimo.

Enriba da Estrada (A Formiga)

É un microtopónimo transparente que fai referencia a un terreo que se sitúa por riba da do *Camiño Vello*, no barrio de A Formiga. O adverbio de lugar *enriba* vén do latín *RĪPA* “ribeira”. *Estrada* vén do latín *(*VIA*) *STRATA* OU *STRATA*, substantivo ou participio pasivo de *sternere* “estender polo chan” e é un topónimo viario.

Enriba da Fonte e **Enriba da Porta** son microtopónimos transparentes que tamén fan referencia a terreos que se sitúan por riba da realidade á que aluden. Tamén se rexistra na documentación a forma castelá **Encima del Almacén**, mais estes tres topónimos non están localizados actualmente.

Fachuqueira, A (A Formiga)

No dicionario de Aníbal Otero (1977) aparece recollido como sinónimo de *facha* ou *fachuzo/fachuco*, “presa de palla atada que se acende para alumar”. A orixe tena nunha alteración do latín FACULA. Neste caso de Cedeira pode designar un lugar onde se tomaban fachos ou, ao situarse nunha pendente alta, que existise algún tipo de facho coa función de guiar os barcos. Por último, non podemos descartar que se trate do alcume dunha persoa.

Farola, A (A Formiga)

Farola é un derivado de *faro*, do latín PHARUS. Este microtopónimo fai referencia a un farol público situado alí, xa desaparecido.

Fedora, A (A Portela)

Un topónimo de creación recente posto que alude á fábrica situada na entrada da Ría de Redondela. A construción foi constituída en 1956 como *Refinería del Noroeste de Aceites y Grasas S. A.* A veciñanza da zona chamouna **A Fedora** precisamente polo mal olor que desprendía.

Fidalgo

Fidalgo é unha palabra que vén do galego medieval *fillo d"algo*. Na historia galega eran as persoas dun grupo social alto que vivían das rendas das propiedades agrarias. Estamos ante un topónimo sen localizar, mais presente na documentación.

Finca

O termo *finca* é un castelanismo. No barrio de Fortóns atópanse **A Finca da Periza** (nome de muller de orixe vasco) e **Finca da Conde-**

sa. No barrio de A Formiga está **Finca da Cachana**; no barrio de A Portela está **Finca de Alonso** e no barrio de Aldea a **Finca de Monterraso**. Esta faría referencia a que antigamente era un monte sen árbores. A casa de Monterraso foi obra do arquitecto Michel Pacewicz cara a 1890. Esta propiedade, hoxe abandonada, conta con outras dúas vivendas que se atopan en ruínas e que eran empregadas polo servizo. Destaca pola súa leira duns 60.000 m² con árbores tanto autóctonas como foráneas que ofrecen unha espectacular combinación de cores en outono. Pertenceu a Carmen de Andrés García, irmá de Dolores, esposa do Conde de Torrecedeira, quen estaba casada con Adolfo de la Peña Roffignac, avogado e alcalde de Santiago. Nun documento de 1697 aparece Monte Raso e noutro de 1749 Monterraso.

Gaiosa, A (Fortóns)

Derivado do verbo latino GAUDIO “gozar, alegrarse”, deriva o adxectivo GAUDIOSUS “alegre”, cuxo resultado galego *gaioso* ten presenza como topónimo e como apelido. Pode facer referencia, polo tanto, ao apelido da persoa propietaria da terra. **A Gaiosa** é o nome dun terreo situado no barrio de Fortóns.

Forneiros

Forneiro é un derivado de *forno*, do latín FURNUM, e era o equivalente a “panadeiro”. Boullón (1999: 214) explica que as realidades nomeadas con forno poden ser parecidas orograficamente coa forma abovedada do forno.

Forneiro é un apelido que actualmente ten en Galicia 223 portadores en concellos coma os de Vigo ou Ourense, entre outros. Polo tanto, tamén pode facer referencia ao propietario da terra. Ao ser un topónimo sen localizar non podemos saber a motivación.

Gayoso

Derivado do verbo latino GAUDIO “gozar, alegrarse”, deriva o adxectivo GAUDIOSUS “alegre”, cuxo resultado galego *gaioso* ten presenza como topónimo e como apelido. Pode facer referencia, polo tanto, ao apelido da persoa propietaria da terra. Neste caso, estamos

ante o microtopónimo sen localizar **Gayoso**, rexistrado na documentación da parroquia. Esta forma é un apelido frecuente, sobre todo na provincia de Lugo.

Labrego das Pereiras

Labrego das Pereiras é un microtopónimo composto por dous substantivos. O primeiro é unha palabra que deriva de labrar, do latín *LABORĀRE*, e aparece definido no dicionario da Real Academia Galega como a persoa que traballa o campo e vive diso. O segundo elemento, *Pereiras*, podería facer referencia á árbore froiteira ou a un lugar abundante en pedra (*Ver* Pereira, A). É un nome sen localizar, polo que non podemos saber a motivación.

Lugar

O termo *lugar* vén do latín *LOCALEM* “local, propio do lugar”, derivado de *LOCUS* “lugar”. Rodríguez González (2019: 153) sinala que en galego ten diferentes significados “núcleo pequeno de poboación en que se divide unha parroquia, con poucos veciños e de carácter rural”, “conxunto formado por unha vivenda e as terras de cultivo”, “terras contiguas a unha casa, que xunto con ela forman unha única superficie separada do exterior por medio dunha parede” ou coa indicación sobre unha posición relativa. No caso da parroquia de Cedeira rexístranse lugares cos distintos significados.

A palabra *lugar* foi quedando fixada na toponimia local, xa que serve para identificar as parcelas que aparecen vinculadas cos propietarios, cos alcumes familiares e cos sitios nos que se atopan.

No barrio de Aldea atópanse **Lugar de Arquilia**, **Lugar do Outeiriño** (que fai referencia a un grupo de casas), **Lugar do Señor Juan** e **Lugar dos Mouchos**. No barrio de O Cruceiro está o **Lugar da Caldeirada**. No barrio de Eira Pedriña atópanse **Lugar da Coruxeira** e **Lugar de Rosales**.

No barrio de A Formiga atópanse **O Lugar da Candelaria**, **O Lugar da Fariñeira**, **O Lugar da Formiga**, **O Lugar da Guisa**, **O Lugar da Nicola**, **Lugar da Peseta**, **Lugar de Agosto** (pode facer referencia a un cultivo que se colleite nese mes), **Lugar de Andrea**, **O Lugar de Arriba**, **Lugar de Estévez**, **Lugar de María a Gran-**

de, **Lugar de Pení** (apelido que só se rexistra en Redondela), **Lugar de San Roque** e **O Lugar**.

No barrio de Fortóns están **O Lugar da Cascalla**, **Lugar de Felisa**, **Lugar de Simón**, **Lugar do Covelo**, **O Lugar do Cuña**, **Lugar de Eirado** e **Lugar do Souto**.

No barrio de Rande rexístranse **Lugar da Casilda**, **Lugar da Fenteira**, **Lugar da Fonte do Gregorio**, **Lugar de Amaro**, **Lugar de Arriba**, **Lugar de Rafaeliño**, **Lugar de Rande** (que fai referencia a un grupo de casas) e **Lugar do Cotarel**.

Por outra banda, existen varios topónimos coa forma lugar que non están localizados, pero que aparecen na documentación. Así, rexistráronse: **Lugar**, **Lugar Carvoeiro**, **Lugar da Farela**, **Lugar da Fonte de García**, **Lugar da Lavela**, **Lugar da Pitusa**, **Lugar da Vara**, **Lugar Dabaixo**, **Lugar de Abajo**, **Lugar de Blas**, **Lugar de Carmen**, **Lugar de Cereijo**, **Lugar de Cuín**, **Lugar de Dominga**, **Lugar de Esbarronda**, **Lugar de Estevo**, **Lugar de Ferreira**, **Lugar de Habitación**, **Lugar de Juan Lago**, **Lugar de María Reina**, **Lugar de Pedreira de Arriba**, **Lugar de Virediña**, **Lugar del Abad**, **Lugar do Manguíño**, **Lugar do Regueiro**, **Lugar dos Lago**, **Lugar Grande** e **Lugar Vello**.

Marola, A (A Portela)

Marola aparece definido como “estado de axitación violenta do mar, formando grandes ondas” (diccionario da Real Academia Galega), pero Palacio (1981: 67) di que neste termo habería unha raíz de orixe indoeuropea *MAR- “roca, pedra”, variante de *MALA. Fai referencia a un terreo situado no barrio de A Portela.

Millora, A (A Formiga)

A *Millora* pode facer referencia ás transmisións de propiedades, pois no dereito tradicional galego “a mellora” son os bens que, ademais da lexítima, recibe en herdanza o fillo ou filla que queda na casa dos proxenitores (Carrasco e Navaza, 2014: 118). **A Millora** é o nome dun terreo no barrio de A Formiga. Tamén se rexistra na documentación a forma **A Mellora**, que pode facer referencia a este mesmo terreo do barrio de A Formiga, pois na oralidade a pronuncia *Millora* é frecuente.

Morada Congro Nogueira

O microtopónimo composto **Morada Congro Nogueira** non está localizado. O primeiro substantivo, a *morada*, é a vivenda onde se habita, vén do verbo *morar* do latín MORĀRE. Por outra banda, o *congro* é un peixe mariño de corpo alongado e cilíndrico, boca grande coa maxila superior saínte, pel viscosa sen escamas e cor cincenta ou negra no dorso e abrancazada no ventre. E *nogueira* refírese a un colectivo da árbore que dá noces, que en latín se chamaba nucaria (formado a partir do sufixo -aria, do latín nux, NŪCIS "noz").

Norte do Taller

Microtopónimo transparente que expresa unha localización: **Norte do Taller**. Está sen localizar. Ambas son palabras que veñen do francés: *nord* (norte) e *atelier* (taller).

Pardiñeiro, O (Fortóns)

Pardiñeiro é un nome común galego que designa os restos dunha construción arruinada, e procede do latín PAR(I)ETINARIUM “muros e ruínas de edificacións vellas” (Carrasco e Navaza, 2014: 127). **O Pardiñeiro** da parroquia de Cedeira fai referencia a un terreo moi pequeno que se atopa no barrio de Fortóns, mais non se aprecia ningunha ruína.

Parvicho, O (Fortóns)

Trataríase dun alcume derivado de Parvo. **O Parvicho** atópase no barrio de Fortóns.

Plateiro

Plateiro é un topónimo menor castelanizado, a forma en galego sería *prateiro*. Este nome deriva de *prata*, do latín vulgar **platta* "lámina de metal". Actualmente non está localizado e só se rexistra na documentación .

Pequeno

A etimoloxía de **Pequeno** non está totalmente esclarecida, mais podería proceder dunha forma prerromana cunha raíz *pek-, *pik-. Pode facer referencia a unha característica do propietario ou do terreo, mais non é posible sabelo xa que se trata dun microtopónimo sen localizar.

Recanto, O (Eira Pedriña)

Derivado de *canto*, do latín CANTHU “esquina”, co prefixo *re-*. Con *recanto* faise referencia a un “recuncho”, a un “lugar retirado, dentro dun espazo máis grande”. **O Recanto** do barrio de Eira Pedriña atópase ao carón dunha encrucillada de camiños, situado nun recuncho.

Sistro, O (Fortóns)

O Sistro do barrio de Fortóns podería ser unha variante de *sisto*, do grecolatino *xystus* “pórtico, xardín” ou de *Syxtus*, nome persoal que levaron algúns papas e parece metátese do grego *ksystós* “puído”. No Nomenclátor de Galicia rexístrase outro lugar co mesmo nome en Vigo, na parroquia de Oia.

Tras da Ponte (Rande)

Tras da Ponte é un topónimo menor de significado transparente que fai referencia a un terreo do barrio de Rande que, como o seu nome indica, está por detrás da Ponte de Rande. O substantivo *ponte* provén do latín PONTEM. Do mesmo xeito, **Tras da Casa** e **Tras da Casa do Coto** son microtopónimos de significado transparente que indican que a realidade á que aluden está detrás dunha casa. Porén, ao estar sen localizar non se pode saber a realidade que designan.

Troco, O (O Cruceiro)

O Troco pode facer referencia a unha propiedade que se intercambiou con outra. Polo tanto facer un *troco* significa “dar unha cousa e recibir outra no seu lugar”. *O Troco* atópase no barrio de O Cruceiro.

Virgaias, As (Rande)

As *Virgaias* é un topónimo que semella derivado de *viragaia*, un composto formado por *vira* (de *virar*) e *gaia*. *Gaia* é un antigo adxectivo de orixe provenzal (*gaio*, *gaia* “alegre”) emparentado co verbo latino GAUDIO “gozar, alegrarse”. As **Virgaias** sitúase no barrio de Rande.

Xogo dos Bolos

O microtopónimo **Xogo dos Bolos** do barrio de Eira Pedriña fai referencia a un lugar onde antes da guerra se xogaba moito aos bolos. Este xogo tradicional era moi practicado en Redondela. Este mesmo microtopónimo tamén se rexistra no barrio de Rande, o que deixa constancia da importancia dese xogo, e noutros lugares de Redondela (por exemplo en Reboreda, onde aparece marcado no rueiro municipal).

11. Topónimos escuros*

Albarren (Fortóns)

É posible que este microtopónimo teña orixe no apelido castelán *Albarrán*, procedente do hispanoárabe *albarrani* co sentido de “foráneo, forasteiro”.

Artilleira, A (A Formiga)

Artilleira ou *artilleiro* aparece definido no dicionario da Real Academia Galega como un soldado de artillaría. Pode facer referencia a unha persoa que estivo no exército? Ou tamén se pode referir ao terreo?

Batullo (A Portela)

Motivación descoñecida.

Camisol (Cruceiro)

Motivación descoñecida.

Donucio (Rande)

Pode vir de *nuncio*, persoa xeralmente ao servizo dun personaxe ou institución, que leva un aviso ou noticia para entregar a outros.

* Topónimos de motivación descoñecida.

Neste caso, podería referirse a un relixioso. Mais podería ser “Do Nucio”, sendo a segunda parte un alcume.

Garbacha, A (O Cruceiro)

Un apelido castelán é *Garbacho*. Este microtopónimo podería referir un terreo propiedade desta persoa.

Gouvea

Pode ser unha variación de *pouveia*, casa de aldea de pequenas dimensións e aspecto moi pobre. Pero tamén debemos considerar a posibilidade de ser unha variación do apelido portugués *Gouveia*, polo cal referiría a terra dun propietario así apelidado. En Cedeira recóllense dous casos: un no barrio da Portela e o outro no barrio da Formiga.

Laroxa, A (Aldea)

Motivación descoñecida.

Malfartas, As (Eira Pedriña)

É posible que se trate dun microtopónimo composto. Por un lado temos *mal* e polo outro *fartas*, referido ao adxectivo *farto*. Por conseguinte fai referencia a un lugar onde hai mala produción. Téñase en conta que Saxamonde, no barrio dos Valos, se rexistra *As Manfartas*.

Peripista, A (A Formiga)

Motivación descoñecida.

Piloto (A Formiga)

Moi posiblemente se trate do alcume dunha persoa.

Resperón, O (Eira Pedriña)

O máis probable é que este microtopónimo proceda de *esperón*, referido á calidade áspera da terra. Pero a presenza do R- inicial resulta unha incógnita: podería proceder de *Río Esperón*? Téñase en conta que se rexistran os microtopónimos de **Lavadeiro** e **Poza do Resperón**.

Bibliografía

Álvarez Pérez, Marta (2019): *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Ares Vázquez, Nicandro (2013): *Estudos de toponimia galega*. A Coruña: Real Academia Galega, vol 2.

Bascuas, Edelmiro (2014): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo.

Boullón Agrelo, Ana (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VI-II-XII)*. Alemaña: Tübingen, Max Niemeyer.

Boullón Agrelo, A. I. (coord.): *Guía de nomes galegos*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/nomes>>.

Cabeza Quiles, Fernando (2020): *Toponimia de Carballo*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.

Cabeza Quiles, Fernando (2018): *Toponimia da Estrada*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.

Carrasco, Lorena e Navaza, Gonzalo (2014): *Toponimia do Val de Fragoso: Beade*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Catastro de Ensenada. Ministerio de Cultura (2004-): *Catastro de Ensenada (1750-1754)* [web]. [Madrid]: PARES.

(DGC)= Carré Alvarellos, L. (1972): *Diccionario galego-castelán*.

DRAG = Manuel González González e Antón Santamarina Fernández (dirs.) (2006): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/diccionario>>.

Gómez, Lidia e Méndez, Luz (2022): *Toponimia de Tordoia*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.

HGN = Piel, Joseph M. / Kremer, Dieter (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.

Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. Biblioteca Filolóxica Galega. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Navaza, Gonzalo (2007a): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.

Navaza, Gonzalo (2007b): “Topónimos da parroquia de Rebordechán” en Rebordechán. A Nosa Memoria. Proxecto Toponimia de Galicia.

Marqués Valea, Xulia (2018): *Toponimia de Trabada*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.

Martínez Lema, Paulo (2018): *Toponimia de Begonte e Rábadade*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada. [04/08/2022].

Memorial de rendas para 1699 = Convento de Vilavella de Redondela (Pontevedra). *Memorial cobrador de rentas para 1699*. Arquivo Histórico Nacional. <<http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/3537522?nm>>.

Palacio, José Antonio (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón* (Lugo). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Filoloxía.

Porto Dapena, Xosé Álvaro (2014): *Diccionario toponímico do concello e ría de Cedeira*. A Coruña: Universidade da Coruña.

Rivas Quintas, Elogio (1982): *Toponimia de Marín*.

Rodríguez González, Afonso Salvador (2019): *Toponimia do Val de Fragoso: Candeán*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Solla Varela, Carlos (2002): *Cerdedo. Materiais para o estudio da freguesía de San Xoán de Cerdedo*. Inventario xeral. Vigo: Ediciones Cardeñoso.

Índice

A da Capadora
A da Chilona
A da Marta
A da Pataca
A de Amaro
A de Crespo
A de Cu de Vaca
A de Estaquia
A de Gándara
A de Gándara
A de María Arango
A de María do Alamacén
A de Marta
A de Moreira
A de Rosaria
A de Sendina
A de Torrado
A de Viñal
A de Xepe
A do Basilio
A do Bravo

A do Chisco
A do Fondo do Papa
A do Lopes
A do Pateiro
A do Rego
A do Vigués
A dos Postes
Abadesa
Auga Branca
Alambrada, A (Rande)
Albarren (Fortóns)
Albarronda (Cruceiro)
Aldea
Aldea
Allada, A (A Portela)
Ameales, Os (Eira Pedriña)
Areal Redondo, O (Fortóns)
Areal, O (Fortóns)
Areeiro, O (A Formiga)
Artilleira, A (A Formiga)
Arxal, O (Cruceiro)
Baixada ao Peirao (vía) (A Portela)
Baladiña de Abaixo
Baladiña de Arriba
Ballota, A
Brandariz (A Formiga)
Bandeira, A (A Formiga)
Banquiños, Os (A Portela)
Barra da Portela (A Portela)
Barriga de Can (Aldea)
Barroncas, As (Fortóns)
Batullo (A Portela)
Bergantiña (A Portela)
Besada (Fortóns)
Bouza Longa, A (A Portela)
Bruñido, O (A Formiga)

Buscal, O (Cruceiro)
Cachada
Cacharela
Cairo, O
Caldeiro, O
Camiño a Porta Cedeira
Camiño da Albarronda
Camiño da Artilleira
Camiño da Baladiña
Camiño da Ballota
Camiño da Carballeira, O
Camiño da Cavadiña
Camiño da Chicharra
Camiño da Condessa de Torrecedeira
Camiño da Costeira
Camiño da Longra
Camiño da Macarela
Camiño da Plateira
Camiño da Portela
Camiño da Poza de Cava da Vella
Camiño da Punta Lama
Camiño da Regasenda
Camiño das Cardosas
Camiño das Coutadas
Camiño das Grilas
Camiño das Muradas
Camiño das Regueiras
Camiño das Tarantanas
Camiño das Ubreiras
Camiño de Cotarel de Abaixo
Camiño de Cova da Vella
Camiño de Eido Benita
Camiño de Eira Pedriña
Camiño de Fortóns
Camiño de Nogueiride
Camiño de Quintán

Camiño de San Pote
Camiño de Soutelo
Camiño de Viacoba
Camiño do Albarren
Camiño do Buscal
Camiño do Canabal
Camiño do Caramuxo
Camiño do Casal
Camiño do Chan das Herbas
Camiño do Cocho
Camiño do Coto do Coello
Camiño do Coto do Raposo
Camiño do Covelo
Camiño do Cristo
Camiño do Dereitiño
Camiño do Eido de Bras
Camiño do Eirado
Camiño do Monte
Camiño do Pousiño
Camiño do Regueiro
Camiño do Río Maior
Camiño do Souto
Camiño dos Cribeiros
Camiño dos Lagos
Camiño dos Salgueiros
Camiño Vello
Camisol
Campo da Burra, O
Campo da Fenteira
Campo da Longra, O
Campo da Poza
Campo da Raíña
Campo da Vella, O
Campo da Vellaca, O
Campo das Maceiras
Campo de Arriba, O

Campo de Gouvea, O
Campo de Matías
Campo do Buscal, O
Campo do Cura
Campo do Fondo
Campo do Outeiriño
Campo do Portugués, O
Campo dos Martillos
Campo Galocho
Campo, O
Campo, O
Camporra
Campos de Solís
Campos, Os
Campos, Os
Can Branca
Can do Coto, O
Canabal Arriba da Periza
Canabal de Abaixo
Canabal de Abaixo
Canabal, O
Canal, O
Canguelos
Cano, O
Cano, O
Canteira de Eira Pedriña, A
Caramuxo, O
Carballa, A
Carballeira
Carballida
Carballiño, O
Carballo Longo, O
Cargadeiro de Mineral
Cargadeiro de Pedra
Casa da Murada
Casa das Ánimas

Casa do Covelo
Casa dos Carabineiros
Casa Vella, A
Casal
Caserón, O
Casilla, A
Castañal, O
Castañal, O
Cava da Vella, A
Cava da Vella, A
Cavada, A
Cavadiñas, As
Cemiterio Parroquial de Cedeira
Centro Cultural de Cedeira
Cerdeira Negra
Cerdeiras, As
Cerrado da Cancela, O
Cerrado, O
Chan da Eira, A
Chan da Rata, A
Chan da Veiga, A
Chan do Castañal, A
Chan do Couto, A
Chan do Trigo, A
Chan, A
Chan, A
Chans, As
Chicharra, A
Chouso Grande, O
Chouso Pequeno, O
Chozas, As
Cocho de Gorras
Cocho do Pato, O
Cocho, O
Cocho, O
Cocho, O

Cocho, O
Cochos, Os
Cochos, Os
Conde de Torrecedeira
Cornello, O
Costeiras, As
Cotarel de Abaixo, O
Cotarel de Arriba, O
Cotiño, O
Coto
Coto da Fenteira
Coto da Raposa
Coto do Coello
Coto, O
Couta de Nicol, A
Coutada da Fonte dos Rusos
Coutadas de Abaixo, As
Coutadas de Arriba, As
Coutadas do Cascarexo, As
Coutadas, As
Couto de Abaixo, O
Couto dos Lobos
Couto, O
Cova da Vella
Cova do Canguelos
Covelo, O
Coviña
Coviña, A
Cribeiros de Adentro, Os
Cribeiros de Afora, Os
Cristo da Murada
Cruceiro, O
Cruceiro, O
Cruz, A
Cruz, A
Cú do Muíño, O

Curva da Morte
Cuturas, As
Debaixo da Ventana
Decota, A
Devesa do Rei, A
Devesa de Pedro
Devesa de Tía María
Devesa do Crego
Devesa do Fariñeiro
Devesa do Faro
Devesa do Lugar de Arriba
Devesa do Monte
Dios de Abaixo
Dona dos Lagos
Donucio
Douradas, As
Eido Benita
Eido da Caseira
Eido da Chicá, O
Eido da Pisca, O
Eido de Alá, O
Eido de Bras, O
Eido de Eira Pedriña
Eido de María do Monte
Eido de Pedro, O
Eido do Chico
Eido do Civil
Eido do Cura
Eido do Cuscuriño
Eido do Dereitiño
Eido do Muro, O
Eido Farruco
Eido Vello
Eira Pedriña
Eira Pedriña
Eira, A

Eira, A
Eirado
Eixido Grande
Encima do Túnel
Encrucillada, A
Encrucillada, A
Enriba da Estrada
Entrada da Casa
Entrerríos
Entreviñas
Enxertos, Os
Escribanos de Abaixo
Escribanos de Arriba
Espallar
Estripeiro de Carabelos, O
Estripeiro, O
Fábrica do Alemán, A
Fachuqueira, A
Farola, A
Fedora, A
Feixa, A
Feixa, A
Fenteira
Ferráns, As
Figueira
Finca da Cachana
Finca da Condese
Finca da Periza, A
Finca de Alonso
Finca de Monterraso
Fonte da Ballota
Fonte da Bandeira
Fonte da Cal
Fonte da Grila
Fonte da Raíña
Fonte da Xesteira

Fonte das Paridas
Fonte de Canabal ou dos Remedios
Fonte de Carallás
Fonte de Luqueiro, A
Fonte de Quintán
Fonte do Civil
Fonte do Cocho
Fonte do Cocho, A
Fonte do Cuña, A
Fonte do Eido da Chicá, A
Fonte do Longo, A
Fonte do Sapo
Fonte dos Banquiños
Fonte dos Lagos
Fonte dos Rusos
Fonte, A
Fontela
Formiga
Formiga de Abaixo, A
Formiga de Arriba, A
Formiga, A
Forno de Laureano
Foros, Os
Fortóns
Friáns de Abaixo
Friáns de Arriba
Gaiosa, A
Galeana, A
Galleiro, O
Garbacha, A
Gorgullón, O
Gorgullón, O
Gouvea
Gouvea
Grila, A
Herbal, O

Herbal, O
Horta, A
Hortas de Arriba, As
Hortiña, A
Igrexa Parroquial de San Andrés de Cedeira
Igrexario
Inxertos, Os
Inxido, O
Inxido, O
Inxido, O
La Ligera
Lagoa, A
Lagoa, A
Lagoa, A
Lagos, Os
Lameiriño, O
Landina, A
Laranxeira
Laroxa, A
Lastre Soutelo
Lavadeiro de Resperón, O
Lavadoiro da Ballota
Lavadoiro da Bandeira
Lavadoiro da Formiga
Lavadoiro de Río Maior
Lavadoiro dos Lagos
Lavadoiro Río da Plateira
Lavego Redondo
Lavegos da Periza, Os
Lavegos, Os
Laxes, As
Leira do Barro, A
Leira do Crego, A
Leira, A
Leira, A
Leiras de Fora, As

Leiras do Medio, As
Leiras, As
Leiras, As
Leiras, As
Leiras, As
Levado do Muíño
Loureiros, Os
Lugar da Caldeirada
Lugar da Candelaria, O
Lugar da Cascalla
Lugar da Casilda
Lugar da Coruxeira
Lugar da Fariñeira
Lugar da Fenteira
Lugar da Fonte do Gregorio
Lugar da Formiga, O
Lugar da Guisa, O
Lugar da Nicola, O
Lugar da Peseta
Lugar de Agosto
Lugar de Amaro
Lugar de Andrea
Lugar de Arquilia
Lugar de Arriba
Lugar de Arriba, O
Lugar de Estévez
Lugar de Felisa
Lugar de María a Grande
Lugar de Pení
Lugar de Rafaeliño
Lugar de Rande
Lugar de Rosales
Lugar de San Roque
Lugar de Simón
Lugar do Cotarel
Lugar do Covelo

Lugar do Cuña
Lugar de Eirado
Lugar do Outeiriño
Lugar do Señor Juan
Lugar do Souto
Lugar dos Mouchos
Lugar, O
Luqueiro, O
Macarela, A
Maceiras de Abaixo
Maceiras de Arriba
Malfartas, As
Marica, A
Marola
Mendexa, A
Mexide de Abaixo
Mexide de Arriba
Migalleiro, O
Millora, A
Mina de Auga Branca
Mina do Condés
Minada, A
Minada, A
Minada, A
Minada, A
Minada, A
Minada, A
Minada, A
Monte do Pousiño
Monte dos Rusos
Monte Pateixa
Moscalleira, A
Muiñeira, A
Muíño da Feixa, O
Muíño da Heirensia
Muíño da Lama

Muíño da Lebra
Muíño da Rata
Muíño de Estrella
Muíño de Xufre
Muíño do Luriñas
Muíño do Maceiras
Muíño do Pozo
Muíño do Tío Lino
Muíños do Pardo
Muíños, Os
Murada, A
Muradas
Muradas, As
Nogueiride
Olleiro, O
Os do Redondo
Outide de Abaixo
Outide de Arriba
Outide de Arriba
Pao da Barra
Pao da Sardiña
Pardiñeiro, O
Parvucho, O
Pasto, O
Pazo do Conde de Torrecedeira
Pedra Branca, A
Pedra das Londras
Pedra do Coto, A
Pedra Marola
Pedras Miúdas, As
Pedras, As
Pedras, As
Pedreira
Pedro Lamas
Pega, A
Peirao da Regasenda

Peirao de Gunche
Peirao, O
Peña, A
Penedo dos Mouchos
Pereira, A
Pereira, A
Pereiras, As
Pereiriño
Pericoto, O
Peripista, A
Pexegueiros, Os
Pica Morena
Piloto
Pinal do Abade, O
Pinal, O
Pinales do Muíño
Pino Manso
Plateira, A
Ponte da Lama, A
Porta Cedeira
Portela, A
Portela, A
Portela da Estrada
Portuguesa, A
Poza da Cava da Vella
Poza da Cova da Vella
Poza da Lagoa, A
Poza da Pantrigueira
Poza da Regueira, A
Poza de Resperón, A
Poza do Caramuxo
Poza do Gregorio
Poza do Inxido
Poza do Río Grande
Pozo, O
Praia da Chicharra

Praia da Regasenda
Praia de Porta Cedeira
Praia de Rande
Praia do Rabicho
Pumar, O
Pumar, O
Pumariño de Abaixo
Pumariño de Arriba
Punta Bruñado
Punta Carballiño
Punta da Castiñeira
Punta Lama de Abaixo
Punta Lama de Arriba
Punta Socorro
Punta Soutelo
Quintán
Quintán de Abaixo
Rabadeira, A
Rabela
Rabicho, O
Rabicho, O
Rainiña, A
Rañada, A
Rande
Rebouza
Rebouza, A
Recanto, O
Regadas de Abaixo, As
Regadas, As
Regadiña, A
Regasenda, A
Regueiras, As
Regueiro da Feixa, O
Regueiro, O
Resperón, O (Eira Pedriña)
Riande

Riba da Fonte
Río das Barcas
Río das Cabras
Río de Fortóns
Río de Porta Cedeira
Río de Quintán, O
Río dos Rusos
Río Fenteiro
Río Grande
Río Longo
Río Maceiras
Río Maior
Río Maior, O
Río Vello, O
Roque Pequeno, O
Salaia de Abaixo
Salaia de Arriba
Salgueiral, O
Salgueiral, O
Salgueiros, Os
San Pote
Sandial
Santiaguesa, A
Santo Cristo
Serro
Sistro, O
Sobreiro
Socalcos, Os
Soutelo
Souto de Abaixo, O
Souto de Arriba, O
Souto, O
Subalo
Taberna Nova, A
Tasca de Pilarita
Tella

Tenda de Penís
Terra Feita de Abaixo
Terra Feita de Arriba
Terranova
Tol de Auga, A
Tambullón, O
Toxo
Tras da Ponte
Troco, O
Ubreira Grande, A
Ubreira Pequena, A
Ubreiras
Vacaloura, A
Vacaloura, A
Veiga da Bufa
Veiga da Pereira
Veiga da Portela
Veiga da Vila de Abaixo, A
Veiga da Vila de Arriba, A
Veiga da Viña, A
Veiga de Abaixo, A
Veiga de Arriba, A
Veiga de Dora
Veiga de Manola
Veiga de San Roque, A
Veiga do Eido, A
Veiga do Eido, A
Veiga do Esterco, A
Veiga do Mar
Veiga do Meirán
Veiga do Pinal, A
Veiga do Rego
Viacoba
Viniña, A
Virgaias, As
Virvirigueira, A

Xardín, O
Xestas, As
Xesteira, A
Xogo dos Bolos
Xogo dos Bolos
Xufreira, A



CONCELLO DE
REDONDELA